



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de decembro de 2021 (1113/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día dez de decembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1079).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de decembro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1080).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14116/111.

Dáse conta do informe-proposta do 3/11/2021 asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 13970/111
Decreto nº 126 do 18 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 303/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: desestimación, por silencio administrativo negativo, da petición de caducidade do expediente administrativo nº 242-2017 tramitado ante o Consorcio do Casco Vello de Vigo
Expte(s): 242/2017

Acepta a desistencia do demandante.
O Consorcio do Casco Vello debe coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 13007/111
Sentenza nº 211 do 7 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 221/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación de reclamación de RPA do 13/05/2020
Expte(s): 5554/243
Contía: 51.677,77 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso e ratifica o acto administrativo municipal impugnado.
O departamento de Patrimonio - RPA debe coñecer o resolto

3.- Contencioso. Expediente nº 13743/111
Sentenza nº 193 do 30 de setembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 192/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución da concelleira delegada de Medio Ambiente do 03/03/2021 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 08/07/20 que impón multa coercitiva de 1000 euros por non cumprir coa orde de execución da limpeza do terreo sito na Baixada a Fonte dos Barros
Expte(s): 17761/310
Contía: 1.000,00 €

Esta sentenza, firme, (polo que non podemos combater a súa fundamentación) estima o recurso e anula o acto administrativo impugnado (declara a súa nulidade) polo que o departamento de Medio Ambiente debe executala en tempo e forma.

4.- Contencioso. Expediente nº 13724/111
Sentenza nº 217 do 21 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 206/2021
Demandante/Recorrente: Particular



Concello de Vigo

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación formulada o 06/11/2020 de solicitude de reintegro do 70 % do canon de ocupación, instalación e explotación do lote 8 "Quiosco do areal de Samil"

Expte(s): 13848/306 e 14527/306

Contía: 15.610,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

Os departamentos de Medio Ambiente e Contratación deben coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 13739/111

Sentenza nº 2020 do 21 de outubro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 213/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación da reclamación formulada contra a providencia de constrinximento.

Expte(s): 5272/550, 89976/700, 286046/280

Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O TEA do Concello de Vigo, a Tesourería-Recadación municipal e o departamento de Seguridade deben coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 13039/111

Sentenza nº 201 do 19 de outubro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 247/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución de data 17/07/2020 que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos por caída na rúa Ramón Nieto.

Expte(s): 4724/243

Contía: 124.854,95 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA, o de Tráfico e o de Vías, deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 13155/111

Sentenza nº 216 do 14 de outubro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 260/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: acordo da XGL do 11/06/2020 de continuidade da prestación do servizo de mantemento de reposición e conservación de zonas verdes

Expte(s): 7614/446 e 12853/446

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso por extemporaneidade.

Non obstante o anterior, contén un extenso fundamento sobre o fondo do asunto.

E contén tamén unha consideración detida e fundada do significado legal de oficialidade do idioma propio de Galicia, que determina a plena validez e eficacia das actuacións que se produzan en galego.

Que unha contratista municipal descoñeza estas cuestións revela que algo grave ocorre en relación co idioma oficial e propio de Galicia en canto á aplicación da lexislación e a ordenanza municipal de normalización lingüística (artigos 5 e 8, entre outros).

O departamento de Contratación, o de Parques e Xardíns e o de Normalización lingüística deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 13416/111
Sentenza nº 205 do 25 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 56/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 15/12/2020 desestimatoria da solicitude de revisión de oficio de expedientes sancionadores en materia de tráfico.
Expte(s): 88516/700 e 283883/280
Contía: 400,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto impugnado e retrotrae as actuacións para que se resolva a solicitude do 6-11-2020 (de “revisión de oficio”)
A Tesourería-Recadación Executiva debe executar o resolto: anulación e retroacción de actuacións.

9.- Contencioso. Expediente nº 12827/111
Sentenza nº 200 do 30 de agosto de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 122/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, da acción de nulidade formulada contra acordo da XGL do 26/10/2017 que aproba a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo.
Expte(s): 9772/446
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso .
Considera que o acto administrativo impugnado (XGL 26/10/2017 e formalización o 31-10-2017) é firme, e que non concorre nin se alega ningún suposto de nulidade de pleno dereito na modificación contractual (mantemento do céspede do E.M. de Balaídos e outros)

O departamento de Contratación, e o de Parques e Xardíns, deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 13560/111
Sentenza nº 225 do 26 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 141/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por mor dunha caída na vía pública
Expte(s): 6133/243
Contía: 29.159,95 €



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA, e o de Vías e Obras, deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 13756/111

Sentenza nº 203 do 19 de outubro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 213/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución desestimatoria ditada o 20/05/2021 polo TE-A sobre reclamación de devolución, de parte, do importe das liquidacións do IAE no exercicio 2020

Expte(s): 53364/516 e 5320/550

Contía: 12.824,64 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio.

O TE-A do Concello, e a Dirección de Ingresos - IAE deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13745/111

Sentenza nº 228 do 26 de outubro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 216/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Tribunal Económico Administrativo de data 10/02/2021 que desestima a reclamación económico administrativa formulada contra desestimación do recurso de reposición interposto contra providencia de constrinximento (sanción de tráfico).

Expte(s): 5284/550, 90034/700 e 286145/280

Contía: 1.134,32 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O TEA do Concello de Vigo, a Tesourería-Recadación municipal e o departamento de Seguridade deben coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 13708/111

Sentenza nº 239 do 2 de novembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 203/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución da Concelleira delegada de Patrimonio do Concello de Vigo do 20/04/2021, estimatoria parcial da reclamación de responsabilidade patrimonial

Expte(s): 6142/243

Contía: 18.029,49 €

Esta sentenza, firme, estima “parcialmente” o recurso e anula o acto (de estimación parcial de reclamación, con concurrencia de culpas ao 50%) e condena ao Concello ao pagamento de 34.000 euros (a cantidade total solicitada por danos e perxuízos).

O departamento de Patrimonio- RPA debe executar o resolto en tempo e forma (tendo en conta se xa se executou, ou non, o acto do 15-4-2021 impugnado e anulado por esta sentenza).

14.- Contencioso. Expediente nº 13795/111

Sentenza nº 212 do 3 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 227/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución ditada polo Concello de Vigo, desestimatoria do recurso de reposición formulado nun procedemento sancionador.
Expte(s): 286796/280
Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
A Tesourería-Recadación municipal e o departamento de Seguridade deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 12690/111
Sentenza nº 664 do 10 de novembro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Ordinario: 95/2020
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: proposta 2ª liquidación 2017- réxime cofinanciamento para as Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
Expte(s): 24065/332
Contía: 102.750,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso municipal, sen custas por “dúbdas de dereito”.
Transcribe o texto da Sentenza do 3-11-2021 (PO 342/2020) e cita algunhas actuacións municipais antecedentes contradictorias coa fundamentación xurídica da nosa demanda, en resumo: as escolas infantís serían centros de servizos sociais, e non centros educativos.

O departamento de Educación (e o de Servizos Sociais á vista do resolto) deben informar con urxencia sobre o eventual recurso de casación e/ou as demais posibilidades de actuacións procesal ou administrativa

16.- Contencioso. Expediente nº 13199/111
Sentenza nº 636 do 29 de outubro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Ordinario: 342/2020
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: resolución de aprobación da 1ª liquidación de 2020 - réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social.
Expte(s): 24425/332
Contía: 113.500,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso (sen custas por apreciar dúbdas de dereito)
O departamento de Educación (e o de Servizos Sociais á vista do contido da sentenza) deben coñecer o resolto e informar sobre a procedencia de intentar o recurso de casación.
Esta sentenza “reconduce” as escolas infantís a centros de Servizos Sociais de menores e atención á infancia, e así aplica a lexislación de servizos sociais (e non a educativa).

17.- Contencioso. Expediente nº 12901/111
Sentenza nº 67 do 3 de febreiro de 2021



Concello de Vigo

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 305/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: reclamación de responsabilidade patrimonial.
Expte(s): 5524/243
Contía: 73.568,49 €

Esta sentenza, firme, resolve a apelación da actora contra a de instancia, desestimándoa, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA e o de Vías e Obras deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: PO 96/2019 – Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, Sentenza nº 83 do 24-4-2020, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 5-6-2020 .

18.- Contencioso. Expediente nº 12518/111
Sentenza nº 199 do 11 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 333/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas por mor dunha caída na rúa Gran Vía.
Expte(s): 5743/243
Contía: 34.984,08 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, sen custas polas dúbidas de feito en relación co nexo causal dos danos.

O departamento de Patrimonio-RPA, (e o de Vías e Obras), deben coñecer o resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 13850/111
Sentenza nº 211 do 3 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 233/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: expediente sancionador por exceso de velocidade.
Expte(s): 286958/280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e o de Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 13586/111
Sentenza nº 215 do 14 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 145/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: acordo do TE-A que arquiva, por caducidade, as actuacións relacionadas coa reclamación formulada contra a desestimación do recurso de reposición interposto contra resolución do Concelleiro Delegado da área de Orzamentos e Facenda do 15/01/2018, que aprobou as liquidacións provisionais pola taxa de servizos na galería de Navia.
Expte(s): 4740/550, 34972/502

Contía: 184.576,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio.
O TE-A do Concello de Vigo e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

21.- Contencioso. Expediente nº 12424/111
Sentenza nº 383 do 27 de setembro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Recurso de apelación: 15001/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución de data 28/07/2017 ditada polo T.E.A. sobre desestimación de reclamación económico-administrativa
Expte(s): 4473-550 e 34472-502
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso de apelación da demandante, revoga a sentenza de instancia nº 302/2015 e anula os actos impugnados-liquidacións semestrais (a Jazztel) dos exercicios 2014, 2015 e 2016.

O TE-A do Concello de Vigo a Inspección de Tributos e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto e unha vez firme executalo en tempo e forma.

Procedemento de orixe: PO 369/2017, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, Sentenza nº 302 do 7-10-2019, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 7-11-2019.

22.- Contencioso. Expediente nº 13761/111
Sentenza nº 241 do 2 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 225/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución desestimatoria ditada o 28/04/2021 polo TEA sobre liquidación tributaria (anos 2017/2020) relativa a parcela sita na Estrada de Camposancos
Expte(s): 5324/550 e 46186/512
Contía: 2.723,14 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
Non obstante o anterior, na súa fundamentación advirte dos cambios xurisprudenciais operados en canto ás cuestións catastrais na xestión (municipal) do IBI.

A Dirección de Ingresos (IBI) e o TE-A do Concello deben coñecer o resolto (e o exposto nas fundamentacións xurídicas da sentenza).

23.- Contencioso. Expediente nº 13790/111
Auto nº 281 do 4 de outubro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Ordinario: 15478/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares



Concello de Vigo

Obxecto: resolución do 23/12/2020 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra o acordo de concesión de fraccionamento de pagamento ditado o 8/10/2020 (atrasos xestión urbana 2012; EUI 2013; IAE 2013, 2015, 2016, IBI ESPECIAIS 2013 a 2016 por importe de 118.981,65 euros).
Expte(s): 111440/700 E 5297/550

Declara a falta de competencia obxectiva do Tribunal.
O TE-A do Concello de Vigo e a Recadación de Tributos deben coñecer o resolto.

B/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CIVIL

1.- Civil. Expediente nº 13158/111
Sentenza nº 245 do 4 de outubro de 2021
Xulgado de Primeira Instancia nº 11 de Vigo
Ordinario: 759/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Reclamación de responsabilidade civil polos danos causados pola ocupación dunha franxa de terreo, que foi transformada en vía pública, propiedade dos demandantes.

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda, con custas (e considera acreditada a existencia dun camiño de uso público adquirido por prescripción).
O departamento de Patrimonio - IMB e D, e a XMU - Planeamento deben coñecer o resolto.

C/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13418/111
Decreto do 21 de outubro de 2021
Xulgado do Social nº 3 de Vigo
Seguridade Social: 902/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Por incapacidade permanente absoluta sendo parte demandada o INSS (Policía)

Acepta o desestimento en relación co Concello de Vigo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas

deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1081).- PROPOSTA DE REDUCIÓN DO AD DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” PERÍODO 2017-2021. EXPTE. 208822/301.

Visto o informe de fiscalización do 3/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 01/12/2021, asinado pola xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

I. INFORME

I.1. O 30 de novembro de 2017, o Alcalde de Vigo e o Conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia e Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB) asinaron o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”» para o período 2017-2021.



Concello de Vigo

I.2. Posteriormente o 26 de novembro de 2020 aprobouse en Xunta de Goberno a addenda obxecto deste expediente que permitiu ampliar o número de persoas beneficiarias deste programa ata un máximo de **200** a vez que, financiar o sobrecusto polo novo prezo/menú (que elevouse de 6,27€ a 6,60€ dende o 01.10.2020) que fixo elevar a achega do financiamento municipal de 1,67€/menú diario a 1,76€/menú.

Esta addenda modificaba a cláusula terceira (a relacionada coa inclusión de persoas beneficiarias permitindo incorporar ao servizo aos 200 usuarios/as) manténdose en vigor a mesma redacción na totalidade das demais cláusulas (o novo custo do prezo/menú non superaba o máximo establecido na cláusula sexta do Convenio que o establecía en 7,5€/menú)

I.3 De esta forma, aprobouse para todo o exercicio de 2021 un custo de 128.500€ na aplicación orzamentaria n.º 2310.4539000 – “*Convenio Xantar na Casa*” que ven dado polo seguinte desglose: 200 usuarios/as ao no novo prezo 1,76€/menú por 365 días.

Sen embargo, a vixencia temporal asinada por 4 anos do Convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar permaneceu inalterada, isto é, dende o 30.11.2017 ata o 14.10.2021.

Por tanto, o custo total do convenio en vigor nese momento para o programa Xantar na casa no 2021 non se calculou correctamente xa que a data de fin de convenio era o 14.10.2021 e non o 31.12.2021, e dicir, que os días de vixencia do convenio non son 365 días no 2021, senon 287 días.

É dicir, que o custo total correcto para o 2021, vería dado polo seguinte desglose:

- 200 usuarios/as ao no novo prezo 1,76€/menú por 287 días o que significa 101.024€.

I.4 En resumo, autorizouse un gasto para o convenio finalizado (AD número 7867) no ano 2021 con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2310. 4539000 (“*Convenio Xantar na Casa*”) superior ao realmente necesario, por un importe de 128.500,00€ que tería que ser 101.024€.

Por tanto, o AD n.º 7867 tería que reducirse en 27.476€ (128.500€- 101.024€).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede, a documentación que consta nos expedientes núms. 147839/301 (2017) e 208822/301 (2020) e a normativa aplicable, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Redución do AD núm. 7867 en 27.476€ (128.500€- 101.024€).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1082).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS Á INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6682/241

Visto o informe de fiscalización do 01/12/2021, dáse conta do informe-proposta asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 7 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo (29-441).

Segundo.- O 24 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 155.360,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.963,42 euros.*
- b) *Propone un porcentaje de descuento de 27,1 (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP.*

Terceiro.- O contrato formalizouse nas datas 3, 8, 9 e 16 de xullo de 2019, por un período de 2 anos, iniciándose as prestacións o 1 de setembro de 2019. Contémplanse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- O 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local acordou modificar este contrato para incorporar o mantemento integral do ascensor sito entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica (expte. 6.481-241). A modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 6.615,68 euros (IVE incluído), representando un 4,26% do prezo do contrato.

Quinto.- Na sesión que tivo lugar o 30 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local aprobou unha prórroga dun ano de duración polo período comprendido desde o 1 de setembro de 2021 ao 31 de agosto de 2022.

Sexto.- O 5 de novembro de 2021 a responsable do contrato e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Fomento, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da necesidade de incorporar o ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez.

Sétimo.- Con data do 16 de novembro de 2021 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato.

Cuarto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido ao efecto, o 23 de novembro de 2021, o contratista presentou a súa conformidade coa modificación mediante escrito rexistrado co número 210236004.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego posibilita a modificación do contrato na cláusula 35 cando así se teña especificado no apartado 15.A das FEC. O referido apartado permite a modificación cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

- *“Un incremento das necesidades estimadas inicialmente por aumentar os traballos de mantemento e reparación.*
- *Por aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter”.*

Sinalando como aspectos a modificar o *“incremento do número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais”* e establecéndose



Concello de Vigo

como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC). Non se contemplan especialidades do procedemento de modificación.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de incluír neste contrato o mantemento integral do novo ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez. Informa ao respecto o servizo xestor con data do 5 de novembro de 2021:

“Con data 24 de maio de 2019, en sesión extraordinaria e urxente, a Xunta de Goberno Local adopta o acordo de adxudicación do contrato do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS AO INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO (Expdte. 29/441), asinándose o contrato o 16 de xuño de 2019, con data de entrada en vigor 1 de setembro de 2019.

En sesión de data 30 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do devandito contrato do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441), formalizado coa entidade mercantil THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. polo período comprendido desde o 01 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2022.

Por outra banda, en data 29 de xuño de 2020, recíbese a obra de IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL, que supuxo a instalación dun ascensor vertical de capacidade para 13 persoas na rúa Juan Ramón Jiménez con 3 paradas y 15 m.

Neste caso, o prazo de mantemento comprometido polo contratista, contado a partir da firma da acta de recepción, é de 6 trimestres, finalizando o mesmo en data 29 de decembro de 2021.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 7 de febreiro de 2019, establece expresamente na Cláusula 35 que o contrato poderá ser obxecto de modificación se así se ten especificado no apartado 15.A da FEC.

O referido apartado 15.A das FEC establece nos aspectos a modificar o incremento de número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais. As circunstancias que determinan a modificación no apartado C inclúe o aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter.

Tendo en conta a necesidade de incluír o mantemento deste ascensor considérase conveniente, pola técnica que subscribe, a modificación do “Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie” co obxecto de incluír o mantemento integral do novo ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez.

Considerando que os prezos contemplados no Prego de Prescricións Técnicas Particulares por ascensores similares, e a oferta presentada pola empresa adxudicataria a aplicar aos prezos unitarios indicados no apartado 3.G das FEC, que se corresponde cun desconto sobre os prezos unitarios do 27,10 %, ascendería a 364,50 €/mes (sen IVE), e que o período da modificación comprenderá ata a data fin da primeira prórroga aprobada do contrato, estimada para o 31 de agosto de 2022, valórase a modificación, con cargo a aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, en:

- Ano 2021.-período comprendido entre o 30 de decembro de 2021 e 31 de decembro de 2021: 29,40 euros (IVE engadido).*

- *Ano 2022- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e 31 de agosto de 2022: 3.528,36 euros (IVE engadido)”.*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, debido ao aumento de instalacións ou elementos a manter, resulta necesario incrementar o número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais (apartados 15.B e 15.C da FEC).
- Supón un incremento do prezo do contrato de 3.557,76 euros, que equivale a un 2,29% do prezo do contrato. Dado que este contrato xa foi modificado nunha ocasión (expte. 6.481-241), a porcentaxe de modificación total deste contrato é do 6,55%, polo tanto, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación está prevista no PCAP. O contratista prestou a súa conformidade coa modificación mediante escrito presentado o 23 de novembro de 2021.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter en adecuadas condicións os elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.d da Lei 7/1985 Reguladoras



Concello de Vigo

das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizos é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como indica o citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 3.557,76 euros desde o 30 de decembro de 2021 (día seguinte ao de finalización do mantemento do ascensor obxecto deste modificación dentro do contrato tramitado no expte. 4.860-440) ata a data de finalización da primeira prórroga do contrato o 31 de agosto de 2022, que se imputará á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que os órganos de contratación que tiveran modificado un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, a excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o correspondente anuncio de modificación. Dado que o suposto de modificación non está dentro dos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, non é necesaria a súa publicación no DOUE.

No entanto, continúa o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do "5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE", o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 147,02 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos á intemperie do Concello de Vigo (expediente 29-441) nos termos sinalados neste informe. Esta segunda modificación implica a incorporación do ascensor sito na rúa Juan Ramón Jiménez..

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 3.557,76 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00. Esta modificación representa un 2,29% do prezo do contrato, sendo a porcentaxe de modificación total deste contrato do 6,55%.



Concello de Vigo

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 147,02 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1083).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DOS SISTEMAS DE ALARMA CONTRA ROUBO E INTRUSIÓN, CONEXIÓN A CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS E SERVIZO DE CUSTODIA DE CHAVES E ACUDA. EXPTE. 23102/332.

Visto o informe de fiscalización do 02/12/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 02/12/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobado a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de vixilancia mediante sistema de alarmas antirrobo e intrusión conectadas a central receptora de alarmas (CRA), do mantemento integral tanto preventivo como correctivo dos equipos de seguridade contra roubo e intrusión e o servizo de custodia de chaves e acuda nos colexios públicos de educación infantil e de educación primaria, escolas municipais e outros centros dependentes do Servizo de Educación.

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas de 14/06/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 22/09/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobado o gasto por importe de 107.744,45 euros IVE incluído (53.872,23 € no exercicio orzamentario 2022 e 53.872,22 € no exercicio 2023) para a contratación dos servizos de seguridade dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9901 (Central de alarmas).

O valor estimado do contrato estipúlase en 186.994,50 euros, tendo en conta as dúas posibles prórrogas.

4º.- Acordado a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de novembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de novembro de 2021, de EULEN SEGURIDAD, S.A. por ter incluído no sobre B información relativa aos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7B da FEC (cláusula 14.3 do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	89,50

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. (B-15.259.765), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Concello de Vigo

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L., o día 26 de novembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 30 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 18 de novembro de 2021 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de novembro de 2021, de EULEN SEGURIDAD, S.A. por ter incluído no sobre B información relativa aos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7B da FEC (cláusula 14.3 do PCAP).*
2. *Adxudicar a SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L. (B-15.259.765) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (23.102-332) coas seguintes condicións:*
 - a) *Propón como prezo total do contrato o de 102.600,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.806,61 euros.*
 - b) *Propón a instalación completa de 10 unidades de detectores volumétricos (incluído cableado) para incrementar a seguridade dos edificios.*
 - c) *Propón como tempo de resposta do servizo de acuda ante aviso de CRA o de menos de 1 hora.*
 - d) *Incrementa o importe mínimo esixido na cláusula 5.2.2 do PPT (2.000 €/ano sen IVE) destinado ao mantemento correctivo en 1.800,00 euros.*
 - e) *Propón como tempo de resposta ante avarías que ocasionen que os equipos non funcionen o de menos de 16 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1084).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA INSTRUCIÓN 1/2021 SOBRE OS CONTRATOS MENORES NO CONCELLO DE VIGO, OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO MUNICIPAL. EXPTE. 102791/140.

Dáse conta do informe-proposta do 01/12/2021, asinado polo interventor xeral e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na “Red



Concello de Vigo

de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.

Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

O Marco Estratéxico do Plan de Integridade da Contratación (PIC), aprobado por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019 inclúe dentro da súa liña estratéxica, 3: "Racionalizar e reforzar a integridade Nos procesos", o obxectivo estratéxico 3.2. "Facilitar os Procedementos". En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico, o Plan operativo do PIC aprobado por Resolución da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal o 17/12/2019, inclúe o Obxectivo Operativo 3.2.1. "Construír unha Instrución Xeral de Contratación". Dentro das Accións, contempla no apartado c) "depurar e actualizar as actuais Instrucións", no marco da que se levaron a cabo os traballos para a elaboración dunha Instrución do contrato menor, designando instrutor do dito expediente ao Interventor Municipal, de conformidade co dito Plan, sen prexuízo do apoio do equipo determinado na ficha correspondente. Neste sentido, respecto do contrato menor, existía unha interpretación de carácter transitorio da que tomou coñecemento pola Xunta do Goberno local en sesión

de 27/9/2018 (exp. 102677/140), previa aos cambios normativos posteriores á vista da primeira redacción do art. 118 da Lei 9/2007, do 8 de novembro e da que procede a súa actualización.

Tras da elaboración da Instrución do contrato menor, nun proceso interno participativo aberto ao conxunto da organización municipal) e revisión da mesma por parte do Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación, seguindo a traxectoria municipal na definición das políticas públicas en materia de integridade e bo goberno, así como o conxunto das consideracións xurídicas, referencias internacionais e doutrina autorizada, acordouse prestar conformidade á mesma, e proceder á proposta de aprobación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I

A existencia do contrato menor radica no propósito de dotar de maior axilidade a contratación e cubrir de forma inmediata as necesidades de escasa contía que en cada caso resulten necesarias. Por iso, o contrato menor gozou –ata a entrada en vigor da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público– do non sometemento a moitos dos principios xerais da contratación: A publicidade da licitación e a libre concorrncia entre os licitadores.

Mentres que a anterior regulación contida no artigo 111 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, apenas esixía documentación para a tramitación do expediente, a actual regulación do ano 2017 incrementa non só a cantidade de documentación que ha de figurar no expediente dun contrato menor, senón o alcance dos mesmos, en canto ás responsabilidades que subxacen deles para os órganos de contratación e os seus xestores. Deste xeito, a LCSP do ano 2017 incorpora no seu artigo 118 a esixencia dun informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e a xustificación no expediente da non alteración do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Por outra parte pola disposición final 1.1 do Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro (BOE do 5 de febreiro de 2020), dáse nova redacción ao artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.



Concello de Vigo

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.»

A pesar do xiro legislativo que supuxo a nova regulación do contrato menor na LCSP 2017, as dúbidas que provocou a aplicación do artigo 118 antes citado deu lugar con frecuencia a unha certa confusión e inseguridade xurídica tanto aos xestores como aos licitadores. A relevancia das controversias creadas móstrase en que desde os numerosos órganos consultivos existentes no noso país emitíronse diferentes interpretacións da norma nas que se tratan de dar pautas para utilizar de maneira máis racional este tipo de procedemento que, aínda que gozan dunha certa uniformidade, o certo é que en ocasións existen notables diferenzas en cuestións relevantes, o que contribúe a acentuar esa situación de incerteza á hora de interpretar e aplicar o precepto.

Neste senso a Instrución 1/2019, de 28 de febreiro de 2019, ditada pola Oficina Independiente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIReScon), considera necesario solicitar tres presupostos e, no seu defecto, a xustificación de por qué non se solicitan ditos presupostos na contratación menor. Con todo, dita instrución, segundo informe do Consello Consultivo de Valencia número 211/2021, é vinculante para o sector público estatal pero non así para o sector público local. Neste sentido, tamén a STC de 18 de marzo de 2021, ditada no recurso nº 4261/2018 di que “... a Oficina ejerce un amplio abanico de funciones de coordinación y supervisión del conjunto del sector público de contratación (apdo. 6). En el ejercicio de algunas de ellas, como ocurre con el diseño y ejecución de la Estrategia Nacional de Contratación Pública, se invoca expresamente la coordinación con las comunidades autónomas y entidades locales [apdo. 7 a)]; y, en otras, se limitan sus efectos de forma exclusiva al sector público estatal, como sucede con el carácter obligatorio de las instrucciones de la Oficina [apdo. 7 d)].”

Así mesmo, a Xunta Consultiva de Contratación en informe 8/2020 considera o contrato menor como un suposto de adjudicación directa se ben recomenda “velar por la promoción de la máxima concurrencia en función de las circunstancias”.

En consecuencia, considérase oportuno someter á aprobación do órgano competente do Concello de Vigo unha instrución que sirva de guía aos diferentes servizos xestores de contratos menores, tratando de clarificar e unificar aqueles aspectos respecto dos cales a Lei non resulta o suficientemente precisa, á vez que se posibilite e fomenta a súa publicidade e transparencia.

II

Así, en primeiro lugar defínese toda a documentación que debe de conformar o expediente de contratación do contrato menor, incluíndo a documentación específica propia dos contratos menores de obras e de servizos esixida na LCSP. Incorpórase neste apartado a obrigaón de incorporar ao expediente unha declaración de ausencia de conflito de intereses conforme ao modelo aprobado polo órgano de contratación, asinada polo funcionario/a propoñente e polo/a concelleiro/a delegado/a correspondente, como instrumento para avanzar na integridade na contratación.

Introdúcese no expediente o trámite de emisión de informe xurídico conforme ao sinalado pola Xunta Consultiva de Contratación en expediente 21/21, no que conclúe que a disposición adicional terceira 8 da LCSP esixe o informe xurídico do Secretario da Entidade Local, antes da aprobación dos expedientes de contratación, tamén nos casos dos contratos menores. Neste senso cabe sinalar que se ben o propio artigo 118 da LCSP relativo ao expediente de contratación en contratos menores non esixe a emisión de dito informe, e que o mesmo podería supoñer un atraso na tramitación deste tipo de contratos caracterizados pola súa axilidade a brevidade en atención a escasa contía dos mesmos, a Xunta Consultiva de Contratación en dito informe, e como órgano específico de regulación e consulta en materia de contratación pública do sector público estatal que ostenta, entre outras, facultades de propoñer e, e no seu caso, adoptar no ámbito da súa competencia, as normas, instrucións e medidas xerais que considere necesarias en relación coa contratación administrativa, dispón *“Todo ello debe levarnos a entender que la LCSP pretende que la contratación de las Entidades Locales tenga algunas peculiaridades en su tramitación y que una de ellas es que en todos los contratos ha de constar el informe del Secretario. Esta circunstancia se aprecia también en el caso de los contratos menores que realicen las Entidades Locales. La cautela que la norma establece para garantizar la presencia de un informe jurídico previo a la aprobación del expediente no puede orillarse en el caso de los contratos menores de modo que, aunque el artículo 118 de la LCSP no mencione expresamente este informe, no cabe duda de que la voluntad de la ley es que cuando contrate una entidad local el Secretario se pronuncie también sobre la corrección del expediente.*

Esta Junta Consultiva es plenamente consciente de que en los contratos menores la tramitación ha de ser muy rápida, pero lo cierto es que, por razón de su escasa cuantía, la emisión de cualquier informe, sea el de necesidad del contrato, el de respeto a la integridad del objeto, o el del Secretario sobre el expediente, no deberían tener una especial complejidad ni retrasar en modo alguno la tramitación del procedimiento.”

Por outra banda, aínda que a Xunta Consultiva non o menciona, consonte á disposición adicional terceira, apartado 8, da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector público, ao tratarse dun Concello de Gran Poboación, a emisión do informe xurídico previo competería á Asesoría xurídica.

Polo exposto, en aras de garantía da seguridade xurídica na tramitación do expediente de contrato menor incorpórase o trámite de específico de emisión de informe xurídico, se ben, por razóns e axilidade se propón delegar a súa realización con carácter xeral nas concellerías delegadas a través das persoas empregadas públicos con formación



Concello de Vigo

xurídica/técnicos de administración xeral cos que contén ou que teñan asignados cada un dos servizos. No caso de que coincida a mesma persoa no posto da xefatura poderá ser o mesmo trámite de informe xurídico con proposta de resolución. Esta delegación está regulada nos artigos 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, constando a conformidade tanto da Secretaria de Goberno local como da Titular da Asesoría Xurídica ao formar parte integrante do Comité Técnico do Plan de Integridade que, na súa sesión de data de 1/12/201, presta conformidade á presente proposta de Instrución.

III

En segundo lugar determínanse os diferentes procedementos que poden realizarse para a adxudicación dun contrato menor, establecendo como regra xeral a necesidade de solicitar oferta a tres empresas que poidan executar o contrato co obxecto de fomentar a competencia e poder obter mellores condicións económicas, prevéndose tamén a posibilidade de publicar a licitación no perfil do contratante, con carácter potestativo, para o servizo xestor.

Con todo, establécese a posibilidade de recorrer á adxudicación directa do contrato menor para aqueles contratos de obras de valor estimado igual ou inferior a 15.000,00€, ou 6.000,00€ para os restantes tipos de contratos

Así, as diferentes entidades do Sector Público que aprobaron Instrucións para clarear e unificar os criterios a ter en conta na tramitación dos contratos menores, veñen establecendo, por razóns de eficacia e celeridade administrativa, diferentes importes á hora de establecer a obrigaçión de solicitar 3 presupostos, dende os 3.000,00€ no caso dos Concellos de Madrid ou Córdoba, ata os 30.000,00€ nos contratos de obras no caso da Deputación de Huesca, polo que os importes previstos poden considerarse axeitados ao situarse no 37,5% e no 40%, respectivamente, do importe límite establecido para a contratación menor. Con todo, dito importe poderá ser revisado en calquera momento se a experiencia ou as circunstancias así o aconsellan.

Tamén se establece que non será necesaria a consulta a tres empresas nunha serie de supostos enumerados de forma taxativa no apartado segundo da Instrución, e que deben de xustificarse adecuadamente no expediente. Así, poderá recorrerse á adxudicación directa cando existan as razóns técnicas, artísticas ou pola necesidade de protexer dereitos exclusivos ou cando xustifíquese a necesidade de executar a prestación de que se trate de forma inmediata.

IV

En terceiro lugar prevense as especialidades na contratación do acceso a bases de datos e a subscricións a publicacións e, en congruencia co disposto nos artigos 219 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 17 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a Instrución prevé que os contratos menores non están sometidos a fiscalización previa, aínda que poderán ser obxecto de control financeiro mediante o exercicio do control permanente no caso de que tal actuación fora seleccionada para a súa inclusión no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

V

Finalmente, introdúcese a posibilidade de realizar unha aplicación transitoria da instrución permitíndose a utilización do contrato menor en determinados supostos unicamente cando xustifíquese a tramitación doutro procedemento de contratación diferente ao contrato menor para a satisfacción posterior destas necesidades.

Para garantir a homoxeneidade e facilitar a tramitación polos diferentes servizos xestores, establécense Anexos con modelos de memoria xustificativa, solicitude de oferta, declaración responsable e oferta da ou do contratista, sen prexuízo das súa posterior modificación e actualización pola concellería delegada en materia de contratación.

Na tramitación da presente instrución deuse audiencia á totalidade dos servizos municipais para que fixeran as achegas que consideraran oportunas e foi sometida ao Comité Técnico Plan de Integridade en data 12.01.2021

PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, tendo en conta o anterior, propoño á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (apartados 4 e 11 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Instrución 1/2021 sobre os contratos menores no Concello de Vigo, os seus Organismos Autónomos e entidades do sector público municipal, que se incorpora como anexo ao presente acordo, en cumprimento do disposto no Plan de Integridade da Contratación (PIC), aprobado por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019, Liña estratéxica, 3: "Racionalizar e reforzar a integridade Nos procesos", contempla o obxectivo estratéxico 3.2. "Facilitar os Procedementos", Obxectivo Operativo 3.2.1. "Construír unha Instrución Xeral de Contratación".

Segundo.- Deixar sin efecto a interpretación de carácter transitorio para a aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, da que tomou coñecemento a Xunta do Goberno local en sesión de 27/9/2018 (exp. 102677/140).

Terceiro.- O presente acordo producirá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2022, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Portal de Transparencia Municipal.

Cuarto.- A presente Instrución, desde a súa entrada en vigor, deixa sen efecto as anteriores Instrucións sobre os contratos menores no Concello de Vigo, os seus organismos autónomos e entidades do sector público municipal, aprobadas con anterioridade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

INSTRUCCIÓN 1/2021 SOBRE A TRAMITACIÓN DOS CONTRATOS MENORES

A existencia do contrato menor radica no propósito de dotar de maior axilidade a contratación e cubrir de forma inmediata as necesidades de escasa contía que en cada caso resulten necesarias. Por iso, o contrato menor gozou –ata a entrada en vigor da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público– do non sometemento a moitos dos principios xerais da contratación: A publicidade da licitación e a libre concorrencia entre os licitadores.

Mentres que na anterior regulación o artigo 111 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, apenas esixía documentación para a tramitación do expediente, a actual regulación do ano 2017 incrementa non só a cantidade de documentación que ha de figurar no expediente dun contrato menor, senón o alcance dos mesmos, en canto ás responsabilidades que subxacen deles para os órganos de contratación e os seus xestores.

Por outra parte pola disposición final 1.1 do Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro (BOE do 5 de febreiro de 2020), dáse nova redacción ao artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

- 1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.*
- 2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.*
- 3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*
- 4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.*
- 5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.*

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.»

En consecuencia, considérase oportuno someter á aprobación do órgano competente a seguinte instrución:

Instrución sobre a tramitación dos contratos menores.

1.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO MENOR.

A tramitación de todos os contratos menores esixirá a incorporación no expediente da documentación seguinte:

- a) Unha memoria elaborada polo servizo promotor do contrato conforme ao modelo que se achega como **Anexo I**, asinada polo órgano de contratación competente, xustificando de maneira motivada, entre outros extremos, a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1º do artigo 118 da LCSP (na actualidade 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos).

Nesta memoria xustificarse, ademais, que o contrato menor non se utiliza para atender necesidades periódicas ou recorrentes da Administración, que, pola súa contía, poderían satisfacerse mediante outros procedementos de contratación se a necesaria planificación fose adecuada. Neste sentido considérase que non procede a tramitación de sucesivos contratos menores para a adquisición de bens ou servizos que se requiren repetidamente, por responder a necesidades de carácter recorrente, periódico ou permanente da Administración, cando o valor estimado dos contratos sucesivos, en cómputo anual, sexa superior a 3.000,00 euros seguindo a doutrina da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña, no seu informe 14/2014 *“la suscripción de diversos contratos menores que podrían conformar el objeto de un único contrato no implicaría un supuesto de fraccionamiento irregular, si la misma adquisición mediante un único contrato también hubiera podido llevarse a cabo recurriendo a la suscripción de un contrato menor”*. A estes efectos, terase en conta o valor estimado total dos contratos sucesivos similares adxudicados durante o exercicio precedente ou durante os doce meses previos, se este fose superior.

- b) Declaración responsable do contratista (anexo II) na que poña de manifesto que o asinante ostenta a representación da entidade, que a entidade ten capacidade de obrar e contratar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, que non está incurso en prohibicións para contratar, do cumprimento das obrigacións establecidas nas disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais dos seguintes principios éticos e de conduta:

1. Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.

2. Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, poñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.



Concello de Vigo

3. Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
4. Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
5. Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos
6. Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
7. Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
8. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contradictorio.

- c) Certificado de existencia de crédito, ou documento equivalente asinado polo servizo de contabilidade.
- d) Declaración de ausencia de conflito de intereses conforme ao modelo aprobado polo órgano de contratación, asinada polo funcionario/a propoñente e polo/a concelleiro/a delegado/a correspondente. Esta declaración poderá integrarse no informe-proposta.
- e) Informe-proposta asinado polo servizo xestor conforme ao modelo que se achega como **Anexo IV**, e resolución pola que se adxudica o contrato e se aproba o gasto polo órgano competente. Na actualidade, as competencias para a tramitación dos contratos menores corresponden aos concelleiros delegados de Área, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo da XGL adoptado na sesión do 20/06/2019).
- f) Informe xurídico asinado por empregado/a público/a con formación xurídica/técnicos de administración xeral de cada servizo.

- g) Unha vez realizada a prestación, a factura correspondente de acordo co previsto no Real Decreto polo que se regulan as obrigacións de facturación e, no seu caso, na normativa sobre factura electrónica, debidamente dilixenciada de conformidade polo servizo xestor.
- h) De ser o caso, as autorizacións ou informes preceptivos que procedan conforme ao disposto na lexislación sectorial aplicable, así como os plans de prevencións e de seguridade que sexan precisos conforme á lexislación e Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de novembro de 2010 e publicada no BOP do 29 de marzo de 2011.

No contrato menor de servizos, ademais:

- i) Un informe de insuficiencia de medios asinado polo/a xefe/a da área ou servizo xestor. Este informe achegarase integrado na memoria xustificativa do contrato.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais:

- j) O orzamento das obras, en todo caso.
- k) O correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes, así como informe urbanístico e autorizacións sectoriais se proceden conforme á lexislación urbanística.
- l) O informe das oficinas ou unidades de supervisión, cando os traballos afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, ou pronunciamento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Os informes relacionados nos puntos 5 e 6, en aras da simplificación administrativa, poderán unificarse nun único documento mediante a emisión dun informe xurídico con proposta de resolución

2.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Os contratos menores adxudicaranse a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación contractual, de conformidade co artigo 131.3 LCSP.

Xunto coa/s oferta/s, os licitadores deberán achegar orzamentos debidamente desagregados indicando cada unha das partidas que o integran.

As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas. En todo caso, a adxudicación recaerá na empresa que presente a mellor oferta.

Os contratos menores publicaranse, polo menos trimestralmente, no perfil do contratante, e ademais cumpriranse as prevencións establecidas na normativa sobre transparencia.



Concello de Vigo

2.1.- Procedemento no que se solicitará, polo menos, tres ofertas.

Nos contratos menores de obras que superen os 15.000,00€ e nos de servizos e subministracións que superen os 6.000,00€, excluído IVE, necesitarase consultar, sempre que sexa posible, polo menos a tres empresas que poidan executar o contrato. A estes efectos deberase empregar o modelo de solicitude de oferta que se achega como **Anexo III**.

Non obstante o anterior, non será necesaria esta consulta cando concorra algún dos seguintes supostos:

- a) Cando o contrato só poida ser prestado por un empresario determinado por razóns técnicas ou artísticas, ou porque procede a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.
- b) Cando no expediente xustifíquese de forma motivada que o devandito trámite dificulte, impida ou supoña un obstáculo para cubrir de forma inmediata as necesidades que en cada caso motiven o contrato menor.
- c) Cando a licitación do contrato menor fora obxecto de publicidade no perfil do contratante.

A licitación dos contratos menores, calquera que sexa a súa contía, poderá ser obxecto de publicidade no perfil de contratante. En tal caso, as ofertas presentaranse no rexistro electrónico do Concello de Vigo, e o prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a cinco días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

No anuncio identificarase o obxecto do contrato e as prestacións que o integran, o orzamento base de licitación, e calquera circunstancias que haxan de terse en conta durante a execución do mesmo.

A adxudicación deberá recaer no prazo máximo de cinco días a contar desde o seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Se as empresas ás que se lles solicitou orzamento declinasen a oferta ou non respondesen o requirimento do órgano de contratación, non será necesario solicitar máis orzamentos. No caso de que o contrato menor non poida adxudicarse por non presentarse ningunha oferta ou resultar inadmisibles as presentadas, poderá acudirse á adxudicación directa.

As ofertas recibidas así como a xustificación da seleccionada formarán, en todo caso, parte do expediente.

2.2.- Adxudicación directa.

Será de aplicación o procedemento de adxudicación directa aos contratos menores cuxo valor estimado sexa igual ou inferior a 15.000,00€, nos contratos de obras, e 6.000,00€, nos restantes tipos de contratos.

Así mesmo, no caso de que non sexa necesario solicitar tres ofertas por concorrer algunha das circunstancias previstas na presente instrución, deberá incorporarse no expediente

xustificación motivada de tal extremo, con carácter previo á tramitación da adxudicación directa.

3.- CONTRATACIÓN DO ACCESO A BASES DE DATOS E A SUBSCRICIÓN A PUBLICACIONES.

A subscrición a revistas e outras publicacións, calquera que sexa o seu soporte, así como a contratación do acceso á información contida en bases de datos especializadas, e na medida en que resulten imprescindibles, a contratación dos servizos necesarios para a subscrición ou a contratación citadas anteriormente, poderán efectuarse, calquera que sexa a súa contía sempre que non teñan o carácter de contratos suxeitos a regulación harmonizada, de acordo coas prescricións establecidas nesta instrución para os contratos menores e con suxeición ás condicións xerais que apliquen os provedores, incluíndo as referidas ás fórmulas de pago, sendo admisible o pago con anterioridade á entrega ou realización da prestación, sempre que iso responda os usos habituais do mercado.

4.- CONTROL DOS CONTRATOS MENORES.

4.1.- Control interno: Fiscalización previa e control financeiro posterior.

Conforme ao disposto no artigo 219.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 17 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, os contratos menores non están sometidos a fiscalización previa, aínda que poderán ser obxecto de control financeiro mediante o exercicio do control permanente no caso de que tal actuación fora seleccionada para a súa inclusión no correspondente Plan Anual de Control Financeiro. Nestes casos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.

4.2.- Control contable.

A oficina ou servizo de contabilidade levará o control contable dos contratos menores na fase de proposta do gasto. Este control terá por obxecto garantir a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda para afrontar o gasto que se pretende realizar mediante o contrato menor, e realizarase mediante a incorporación no expediente da correspondente certificación de existencia de crédito asinada polo responsable da contabilidade.

5.- APLICACIÓN TRANSITORIA.

Excepcionalmente, poderanse utilizar contratos menores para atender necesidades de carácter recorrente ou periódico consideradas esenciais, aínda cando o seu valor estimado, en cómputo anual, supere a contía indicada no apartado 1º da presente instrución, sempre e cando xustifíquese a tramitación doutro procedemento de contratación diferente ao contrato menor para a satisfacción posterior destas necesidades.



Concello de Vigo

Anexo I

MODELO DE MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO MENOR (INSTRUCIÓN PARA A SÚA CUMPRIMENTACIÓN)

1. Descrición do obxecto do contrato e as prestacións que o integran

O obxecto do contrato deberá estar perfectamente definido, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigacións por parte do contratista.

2. Motivación da necesidade do contrato

Deberá xustificarse de maneira motivada a necesidade do contrato.

3. Xustificación da insuficiencia de medios nos contratos de servizos

Nos contratos de servizos, deberá xustificarse a carencia de medios suficientes para a prestación do servizo pola propia Administración polos seus propios medios.

4. Xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato

Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1º do artigo 118 da LCSP (40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos), non bastando a estes efectos unha mera declaración de tal circunstancia.

Particularmente, deberá xustificarse en primeiro lugar que non se fraccionou o obxecto ou a duración do contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan e, en segundo lugar, deberá xustificarse adecuadamente, no seu caso, que o obxecto contractual é cualitativamente distinto ao doutros que fosen perfeccionados anteriormente polo servizo xestor co mesmo ou distinto operador económico e con cargo á mesma aplicación orzamentaria, ou ben que non constitúen unha unidade funcional.

Neste sentido, o criterio relativo á “unidade funcional” para distinguir se existe fraccionamento nun contrato menor estriba en se se poden executar separadamente as diferentes prestacións que integran o citado contrato; e no caso de que se separen, se as prestacións cumpren unha función económica ou técnica por si soas, de modo que de maneira individualizada non sofre menoscabo na súa execución.

5. Prazo de execución ou duración do contrato

A duración do contrato non poderá exceder dun ano, nin ser obxecto de prórroga.

6. Valor estimado e prezo

a) Valor estimado.

Como regra xeral, no caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o valor estimado estará constituído polo importe total, sen IVE, que o órgano de contratación estime que vai pagar ao contratista.

O valor estimado do contrato debe ser inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos.

Nos contratos menores de servizos ou subministracións que se tramiten para satisfacer necesidades recorrentes o valor estimado do contrato, en cómputo anual, non pode ser superior a 3.000,00 euros.

b) Orzamento de licitación e/ou prezo.

No prezo entenderase incluído o importe en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido, que en todo caso indicarse como partida independente.

Deberá xustificarse que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado.

7. Trátase dun contrato de servizos ou subministracións para satisfacer necesidades recorrentes de valor estimado superior a 3.000,00 euros en cómputo anual

Deberá indicarse en todo caso: NON

O importe do valor estimado en cómputo anual estará constituído pola suma do valor estimado total dos contratos sucesivos similares adxudicados durante o exercicio precedente ou durante os doce meses previos, axustado, cando sexa posible, en función dos cambios de cantidade ou valor previstos para os doce meses posteriores ao contrato inicial.

No caso de que o valor estimado sexa superior a 3.000,00 euros en cómputo anual deberá tramitarse outro procedemento ordinario de contratación con publicidade e concorrencia.



Concello de Vigo

8. Aplicación orzamentaria e requisitos orzamentarios

a) Aplicación orzamentaria:

Debe de indicarse a aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto que se derive do contrato, que deberá contar con crédito adecuado e suficiente.

b) Trátase de gastos con financiamento afectado: (SI) / (NON)

Cando se trate de gastos con financiamento afectado (subvencións doutras AAPP. ou de axentes privados, préstamos, ou calquera outro tipo de financiamento afectado), deberá xustificarse que os recursos que os financian son executivos e acreditar a súa efectividade coa existencia de documentos fidedignos.

c) Trátase dun gasto de carácter plurianual: (SI) / (NON)

Cando se trate dun gasto de carácter plurianual, deberá indicarse o gasto que se imputa a cada un dos exercicios orzamentarios, e no caso de investimentos (aplicacións orzamentarias do capítulo 6 do estado de gastos), deberá xustificarse que o gasto que se imputa ao exercicio inmediato seguinte non excede do resultado de aplicar a porcentaxe do 70% ao crédito do exercicio corrente, ou ben que excepcionalmente propónse a elevación do citado porcentaxe.

9. Responsable do contrato

Designarase ao responsable do contrato, ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada (artigo 62.1 LCSP), así como aquelas outras funcións que determine o servizo xestor detallándoas nesta memoria.

Nos contratos de obras, as facultades dei responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo.

10. Documentación complementaria nos contratos de obras

No contrato menor de obras deberá xustificarse que no expediente consta a documentación seguinte, indicando o número de trámite:

- En todo caso, o orzamento das obras.
- O correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran, así como informe urbanístico e autorizacións sectoriais se proceden.
- O informe das oficinas ou unidades de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra. Cando non exista o citado

informe, deberá incorporarse ao expediente pronunciamento expreso de que as obras do proxecto non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

11. Procedemento de adxudicación

a) Procedemento de adxudicación empregado (seleccionar o que proceda).

- (1) Solicitud de ofertas
- (2) Adxudicación directa
- (3) Publicidade no perfil

b) Solicitud de ofertas.

Indicar as empresas ás que se vai a solicitar oferta (mínimo tres), cando proceda.

c) Xustificación da adxudicación directa, de ser o caso (seleccionar o que proceda).

- (1) Trátase dun contrato menor de obras que NON supera os 15.000,00 €, ou de servizos ou subministracións que NON supera os 6.000,00 €, excluído IVE.
- (2) O contrato ten por obxecto a creación ou adquisición dunha obra de arte ou representación artística única, ou ben só pode ser prestado por un empresario determinado por razóns técnicas, ou porque procede a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.
- (3) Necesidade de cubrir de forma inmediata as necesidades que motivan o contrato menor.
- (4) Por non presentarse ofertas ou resultar inadmisibles.

Cando a xustificación da adxudicación directa responda aos motivos (2) ou (3) deberá motivarse adecuadamente en todo caso.

Cando a xustificación da adxudicación directa responda ao motivo (4) deberá incorporarse no expediente a documentación acreditativa correspondente.

12. Órgano de contratación competente

Na actualidade, as competencias para a tramitación dos contratos menores corresponden aos concelleiros delegados de Área, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo da XGL adoptado na sesión do 20/06/2019).

13. Forma de pago do prezo

(Opción A): Mediante a presentación dunha única factura, á finalización da prestación, expedida pola entidade e conformada polo responsable do contrato.



Concello de Vigo

(Opción B): Mediante a presentación de facturas cunha periodicidade determinada (mensual,), expedida pola entidade e conformada polo responsable do contrato, tras a realización da prestación do período.

Anexo II

MODELO DE OFERTA / DECLARACIÓN RESPONSABLE DA OU DO CONTRATISTA

....., con DNI n.º, en nome propio ou en representación da empresa, con CIF....., en calidade de, en aplicación do establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, e informado/a das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato menor de obras/servizos/subministracións consistente en, comprométome á súa execución con estrita suxeición aos requisitos e condicións expresados na solicitude de oferta, pola cantidade de:

Importe base:

Importe co IVE:

Importe total:

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que acepto as condicións do contrato.
- Que ostento a capacidade de representación da entidade de referencia.
- Que teño capacidade de obrar e contratar e conto coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- Que non estou incurso en prohibicións para contratar coa Administración.
- Que cumpro coas obrigacións establecidas nas disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.
- Que mantereirei absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato ou información á que poida ter acceso con ocasión do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato, polo que cumprirei, en todo caso, o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.
- Que me comprometo a cumprir os seguintes principios éticos e de conduta:



Concello de Vigo

1. Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
2. Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, poñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
3. Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
4. Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
5. Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos
6. Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
7. Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
8. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

Lugar e data

A/o contratista

Anexo III

MODELO DE SOLICITUDE DE OFERTA

(Hai que indicar os datos da empresa á que vai dirixida a solicitude de oferta)

O Concello de Vigo está a tramitar o expediente para a adxudicación por contrato menor de

De acordo coa memoria xustificativa do contrato menor citado, as condicións que debe ter en conta para formular a súa oferta son as seguintes:

- Obxecto do contrato:
- Especificacións técnicas da prestación:
- Órgano de contratación:
- Orzamento (máximo):
- Prazo de [duración] [execución do contrato]:
- Lugar de prestación ou entrega:
- Responsable do contrato:
- Forma de pago do prezo:
- Prazo de presentación: ata o día xx de xx de xx.

A oferta deberase presentar a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo.

Para calquera cuestión sobre este expediente, poden poñerse en contacto co Servizo de a través dos seguintes teléfonos:

Ou ben no seguinte enderezo de correo electrónico:

Vigo, ... de... de...

Asdo.

(A solicitude será opcional nos expedientes nos que se publicou o anuncio no Perfil de contratante).



Concello de Vigo

Anexo IV

MODELO DE INFORME-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR (SOLICITUDE DE OFERTA)

Asunto:

Expediente número:

1.- No expediente consta informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo/a con data, e resolución de data do concelleiro delegado de dispoñendo o inicio do expediente.

2.- Con data solicitouse oferta ás seguintes entidades, establecendo como prazo límite para a presentación das ofertas o día: (Indicar as empresas ás que se lles solicitou oferta)

3.- Unha vez transcorrido o prazo de presentación de ofertas, as entidades que presentaron a declaración responsable e oferta son as seguintes: (Indicar as entidades, a data de presentación e os datos da oferta).

4.- Analizadas as ofertas presentadas, e en virtude dos criterios que se tiveron en conta para a súa valoración, considérase que a mellor oferta para os intereses do Concello é a presentada pola entidade

(valoración das ofertas conforme ao/s criterio/s indicados na memoria)

5.- A competencia para acordar a aprobación dos contratos menores corresponde á Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que a Xunta de Goberno Local, mediante adoptado na sesión do 20 de xuño de 2019, delegou nos concelleiros delegados de Área.

6.- Declaración de ausencia de conflito de intereses: As persoas abaixo asinantes subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos na resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do desenvolvemento operativo do Plan de Integridade na Contratación.

Por todo o exposto, considérase que procede que polo/a concelleiro/a delegado/a da Área de, apróbese a seguinte:

Proposta de resolución:

Primeiro.- Adxudicar á empresa, con CIF, o contrato menor para(obxecto do contrato) conforme as condicións seguintes:

Prezo IVE incluído:

Prazo de duración/execución:

Forma de pago do prezo:

Outras consideracións:(de ser o caso).....

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto nos artigos 184 e seguintes do RD-Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de euros, con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Nomear responsable do contrato a

Cuarto.- Notificar a resolución adoptada aos interesados.

O xefe do servizo/responsable do contrato

MODELO DE INFORME-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR (ADXUDICACIÓN DIRECTA)

Asunto:

Expediente número:

1.- No expediente consta informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo/a con data, e resolución de data do concelleiro delegado de dispoñendo o inicio do expediente.

2.- Tendo en conta que no presente expediente concorren as circunstancias para proceder á adxudicación directa do contrato menor, con data solicitouse oferta á empresa (Indicar a empresa á que se lle solicitou oferta)

3.- Con data a entidade presentou declaración responsable e oferta consistente nun prezo de euros ao que corresponde por IVE a cantidade de totalizándose o prezo de adxudicación do contrato en euros (e nun prazo de (indicar calquera outro criterio de selección que se ofertou).....).

4.- A competencia para acordar a aprobación dos contratos menores corresponde á Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que a Xunta de Goberno Local, mediante adoptado na sesión do 20 de xuño de 2019, delegou nos concelleiros delegados de Área.

5.- Declaración de ausencia de conflito de intereses: As persoas abaixo asinantes subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos na resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do desenvolvemento operativo do Plan de Integridade na Contratación.



Concello de Vigo

Por todo o exposto, considérase que procede que polo/a concelleiro/a delegado/a da Área de , apróbase a seguinte:

Proposta de resolución:

Primeiro.- Adxudicar á empresa, con CIF, o contrato menor para(obxecto do contrato) conforme as condicións seguintes:

Prezo IVE incluído:

Prazo de duración/execución:

Forma de pago do prezo:

Outras consideracións:(de ser o caso).....

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto nos artigos 184 e seguintes do RD-Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de euros, con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Nomear responsable do contrato a

Cuarto.- Notificar a resolución adoptada aos interesados.

O xefe do servizo/responsable do contrato

7(1085).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL EN RÉXIME LABORAL FIXO, CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE OFICIAL FONTANEIRO-OEP 2016. EXPTE. 38869/220.

Visto o informe de fiscalización de data 01/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 01/12/2021, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de unha praza de Oficial Fontaneiro pola quenda libre, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 04/10/2021, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo á praza vacante de Oficial Fontaneiro, a D. J. RODRÍGUEZ TORRES, con DNI ***9555**, aspirante que superou todos os exercicios da oposición, pola quenda libre, e obtivo a maior puntuación (17,071 puntos).

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 17/11/2021.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente en Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de goberno local de 22/04/2021 e, previo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de Oficial Fontaneiro, pola quenda libre, a **D. J. RODRÍGUEZ TORRES, con DNI ***9555****, aspirante proposto polo Órgano de Selección, que superou todos os exercicios da oposición, pola quenda libre, e obtivo a maior puntuación (17,071 puntos).

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do *apartado B) Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral, ao Servizo de Vías e Obras (Taller de Vías e Obras), ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1086).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE EMPREGADAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RÉXIME LABORAL FIXO, CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE OFICIAL COIDADOR/A, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL -OEP 2016. EXPTE. 38844/220.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 03/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 01/12/2021, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de dúas prazas de Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control pola quenda libre, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, en réxime laboral e equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 09/11/2021, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como persoal empregado público laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes de Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control, a D^a. A. VÁZQUEZ IGLESIAS con DNI ***2737** e D^a. S. AMARO ÁLVAREZ con DNI ***4335**, as dúas aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición, pola quenda libre, e acadaron a maior puntuación (20,67 e 19,17 puntos respectivamente).

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 10/11/2021.

As aspirantes propostas presentaron nese prazo a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente en Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de goberno local de 22/04/2021 e, previo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Contratar como empregadas públicas municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas convocadas de Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control pola quenda libre incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, **D^a. A. VÁZQUEZ IGLESIAS con DNI ***2737** e D^a. S. AMARO ÁLVAREZ con DNI ***4335****, as dúas aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición, pola quenda libre, e acadaron a maior puntuación (20,67 e 19,17 puntos respectivamente).

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do *apartado B) Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar as persoas aspirantes propostas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Xefatura de medio ambiente, á Dirección de réxime interior de Vigo zoo, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1087).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE OITO ADMINISTRATIVOS DE ADMÓN. XERAL (PROMOCIÓN INTERNA) CON CARGO A PRAZAS VACANTES OEP 2014-2015. EXPTE. 38846/220.

Visto o informe de fiscalización de data 03/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 30/11/2021, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de oito prazas de Administrativo/a de Administración Xeral por promoción interna, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014 e 2015, en réxime funcional, enmarcadas no grupo C, subgrupo C1 de titulación, Escala, Administración Xeral, subescala administrativa, na súa sesión de data 05/11/2021, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios/as de carreira con cargo ás prazas vacantes de Administrativo/a de Administración Xeral, ás seguintes persoas aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición, por promoción interna, e obtiveron a maior puntuación:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
ALONSO REGUEIRO	I.	***4882**	33,88
CID MOUTEIRA	P.	***3207**	30,77
DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ	C.	***6967**	25,32
ESCUDERO GONZÁLEZ	F. J.	***7967**	32,73
GAMALLO REY	R. M.	***5191**	35,25
LANDÍN LORENZO	M.	***9165**	32,55



Concello de Vigo

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
ROMERO FALQUE	X. L.	***2964**	24,72
VILA CAMPOS	R. M.	***9882**	30,37

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 15/11/2021.

As persoas aspirantes propostas presentaron nese prazo a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente en Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de goberno local de 22/04/2021 e, previo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas convocadas de Administrativo/a de administración xeral, por promoción interna, ás seguintes persoas aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición, por promoción interna, e obtiveron a maior puntuación:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GAMALLO REY	R. M.	***5191**	35,25
ALONSO REGUEIRO	I.	***4882**	33,88
ESCUDERO GONZÁLEZ	F. J.	***7967**	32,73
LANDÍN LORENZO	M.	***9165**	32,55
CID MOUTEIRA	P.	***3207**	30,77
VILA CAMPOS	R. M.	***9882**	30,37
DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ	C.	***6967**	25,32
ROMERO FALQUE	X. L.	***2964**	24,72

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarias de carreira na dita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1088).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E/OU CONTRATACIÓNS COMO PERSOAL LABORAL INTERINO COMO OFICIAIS FONTANEIROS/AS. EXPTE. 38938/220.

Dáse conta do informe-proposta do 02/12/2021, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 21 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para provisión en propiedade de unha praza de Oficial fontaneiro/a pola quenda libre, expte. 31295/220, que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 60 de data 26 de marzo de 2018.

II.- Por acordo da Xunta de goberno local de data 17/06/2021, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, órgano de selección, así como lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 37241/220.

III.- Así mesmo, por Resolución da Concelleira-delegada da Área de contratación, patrimonio e xestión municipal de 23/07/2021 resolveuse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o proceso selectivo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 04/10/2021 a relación complementaria de aspirantes que segue á proposta, ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-, para formar parte da lista de substitucións para os efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo e normativa de concordante aplicación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CABALEIRO LORENZO	A.	***0766**



Concello de Vigo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
2	ARAÚJO ÁLVAREZ	J. M.	***7959**
3	DÍAZ ÁLVAREZ	P.	***2476**
4	RODRÍGUEZ LAGO	J. M.	***0846**
5	GUISANDE ALONSO	R.	***3556**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoto meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

Así mesmo, o artigo 11 do dito Real decreto, dispón que é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

II.- No apartado de "Outras disposicións comúns" das bases da convocatoria establecíase que *"as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación"*.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-, tal e como se establece no punto III dos antecedentes.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 16 de xullo de 2021, adopto acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 151, de 09/08/2021, no que se establece entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220, 38010/220, 38225/220, 38226/220, 38814/220 e 38870/220 que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Oficial fontaneiro/a, que inclúe ás persoas aspirantes en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas e/ou contratadas como persoal laboral interino, segundo o previsto nos artigos 10.1 e 11 respectivamente, do Real



Concello de Vigo

Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CABALEIRO LORENZO	A.	***0766**
2	ARAÚJO ÁLVAREZ	J. M.	***7959**
3	DÍAZ ÁLVAREZ	P.	***2476**
4	RODRÍGUEZ LAGO	J. M.	***0846**
5	GUISANDE ALONSO	R.	***3556**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1089).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E/OU CONTRATACIÓNS COMO PERSOAL LABORAL INTERINO COMO OFICIAIS COIDADORES/AS, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL. EXPTE. 38942/220.

Dáse conta do informe-proposta do 02/12/2021, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 21 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para provisión en propiedade de dúas prazas de Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control pola quenda libre, expte. 31295/220, que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 60 de data 26 de marzo de 2018.

II.- Por acordo da Xunta de goberno local de data 17/06/2021, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, órgano de selección, así como lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 37241/220.

III.- Así mesmo, por Resolución da Concelleira-delegada da Área de contratación, patrimonio e xestión municipal de 23/07/2021 resolveuse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o proceso selectivo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 09/11/2021 a relación complementaria de aspirantes que segue á proposta, ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-, para formar parte da lista de substitucións para os efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo e normativa de concordante aplicación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PÉREZ CRUCES	R.	***6224**
2	GÓMEZ RODRÍGUEZ	A. M.	***1849**
3	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	M. C.	***7873**
4	MEIRA SUÁREZ	J. M.	***7548**
5	LAGO GONZÁLEZ	I.	***0834**
6	MANZANO HERRERO	N.	***8318**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

Así mesmo, o artigo 11 do dito Real decreto, dispón que é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

II.- No apartado de "Outras disposicións comúns" das bases da convocatoria establecíase que "as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as



Concello de Vigo

probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-, tal e como se establece no punto III dos antecedentes.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 16 de xullo de 2021, adopto acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 151, de 09/08/2021, no que se establece entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220, 38010/220, 38225/220, 38226/220, 38814/220 e 38870/220 que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“**Primeiro.**- Aprobar a bolsa de emprego de Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control, que inclúe ás persoas aspirantes en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas e/ou contratadas como persoal laboral interino, segundo o previsto nos artigos 10.1 e 11 respectivamente, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PÉREZ CRUCES	R.	***6224**
2	GÓMEZ RODRÍGUEZ	A. M.	***1849**
3	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	M. C.	***7873**
4	MEIRA SUÁREZ	J. M.	***7548**
5	LAGO GONZÁLEZ	I.	***0834**
6	MANZANO HERRERO	N.	***8318**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1090).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE DIXITALIZACIÓN DE FONDOS PATRIMONIAIS DO ARQUIVO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 1055/1102.

Visto o informe xurídico de data 19/11/2021 e o informe de fiscalización do 25/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 05/11/2021, asinado polo técnico superior de arquivos, a secretaria de Admón. Municipal, a concellería-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 10 de agosto de 2021, o Técnico Superior de Arquivos iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo de dixitalización de fondos patrimoniais do Arquivo municipal do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:



Concello de Vigo

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data 10 de agosto de 2021, conformado pola Secretaria de Administración municipal e da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.
- Resolución de inicio do expediente de contratación con data 10 de agosto de 2021 da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.
- Memoria económica asinada polo Técnico Superior de Arquivos con data 23 de agosto de 2021, conformada pola Secretaria de Goberno Local, a Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal e o Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda.
- Documento económico sobre a existencia de crédito con data 31 de agosto de 2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data do 28 de outubro de 2021
- Memoria Xustificativa do contrato asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data do 28 de outubro de 2021, e conformada pola Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.
- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 29 de outubro de 2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto simplificado, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29 de outubro de 2021.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de conformidade co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11.07.2019, 05.09.2019 e 18.08.2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 10 de agosto de 2021 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 e 159 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de dixitalización dos fondos patrimoniais do Arquivo municipal do Concello de Vigo e os documentos asociados ao mesmo:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data 10 de agosto de 2021, conformado pola Secretaria de Administración municipal e da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

- Resolución de inicio do expediente de contratación con data 10 de agosto de 2021 da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.

- Memoria económica asinada polo Técnico Superior de Arquivos con data 23 de agosto de 2021, conformada pola Secretaria de Goberno Local, a Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal e o Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito con data 31 de agosto de 2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria

- Prego de prescricións técnicas asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data do 28 de outubro de 2021

- Memoria Xustificativa do contrato asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data do 28 de outubro de 2021, e conformada pola Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 29 de outubro de 2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto simplificado, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29 de outubro de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 88.715,85 €, sendo o importe correspondente ao IVE de 15.396,97, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	Total
2021	Servizos de dixitalización arquivo xeral	9203.2279901	18.329,72 €	3.849,24 €	22.178,96 €
2022	Servizos de dixitalización arquivo xeral	9203.2279901	54.989,16 €	11.547,73 €	66.536,89 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1091).- AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2021 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO. EXPTE. 13468/407.

Visto o informe de fiscalización do 25/11/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe de Servizos Centrais, o xerente de Urbanismo, o secretario e a vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

O Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo conta cun cadro de persoal composto por 105 prazas dotadas presupostariamente, dentro do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2021 (expediente 69/142). Dito documento foi aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de 23 de decembro de 2020.

Neste exercicio 2021 prestan servizo neste Organismo 21 funcionarios interinos, dos cales 12 acumulan máis de 4 anos de antigüidade.

Na oferta de emprego público do exercicio 2018 incluíronse 4 prazas para a estabilización do emprego (expediente 11.219/407, publicada no BOP de Pontevedra e no DOG de 28.12.2018, ámbolos dous). Ditas prazas, ocupadas de forma ininterrompida por máis de 3 anos, contados ata o 31.12.2017 (segundo establecía o artigo 19.uno.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo), eran:

- 1) Dúas de técnico de administración xeral (A1).
- 2) Unha de arquitecto (A1).
- 3) Unha de enxeñeiro industrial (A1).

Dita oferta está pendente de execución, sendo intención deste Organismo acumulala á aprobada neste exercicio 2021.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27.05.2021, aprobou a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2021 (pendente de publicar), integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

I) Prazas de acceso libre (6):

- 1 praza de técnico/a de administración xeral (A1).
- 1 praza de enxeñeiro/a de camiños (A1).
- 1 praza de arquitecto/a técnico/a (A2).
- 1 praza de delineante (C1).
- 1 praza de administrativo (C1).



Concello de Vigo

- 1 praza de auxiliar administrativo (C2).

II) Prazas de promoción interna (5):

- 1 praza de enxeñeiro/a industrial (A1).
- 1 praza de arquitecto/a técnico de grado (A1).
- 1 praza de técnico/a medio de xestión (A2).
- 1 praza de inspector/a de urbanismo (C1).
- 1 praza de administrativo/a (C1).

O Boletín Oficial de Estado núm. 161, de 7 de xullo de 2021, publicou o Real Decreto-ley 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. No seu artigo 2.1, esta disposición establece:

“Adicionalmente a lo establecido en los artículos 19.uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, y 19.uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estén o no dentro de las relaciones de puestos de trabajo, plantillas u otra forma de organización de recursos humanos que estén contempladas en las distintas Administraciones Públicas y estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2020.”

Esta ampliación de prazo conleva que aquelas prazas que o 31.12.2020 levasen mais de tres anos ocupadas de forma ininterrompida, poderían ser ofertadas de forma excepcional. De esta forma, podería incluírse na propia oferta de emprego público 2021, como estabilización de emprego, cinco (5) prazas mais:

- 1) Tres (3) de Técnico de Administración Xeral.
- 2) Dúas (2) de Arquitecto.

1) Prazas de Técnico de Administración Xeral.- No vixente cadro de persoal existen doce (12) prazas de técnico de administración xeral, coa seguinte situación:

- * Catro (4) dotadas en propiedade.
- * Dúas (2) ocupadas interinamente desde fai máis de 10 anos. Ditas prazas están incluídas na OEP de 2018, como consolidación de emprego.
- * Tres (3) ocupadas interinamente desde 2016. Son as que se incluírían como estabilización de emprego.
- * Tres (3) ocupadas interinamente desde final de 2019. Dúas destas tres non poden ser ofertadas por pertencer a persoal que presta servizo fora da Xerencia en comisión de servizos (no Concello de Vigo e no Concello de Pontevedra) e teñen dereito a reincorporarse en canto finalicen ditas comisións.

2) Prazas de Arquitecto.- Tamén existen no cadro de persoal quince (15) prazas de arquitecto, coa seguinte situación:

- * Dez (10) dotadas en propiedade.

* Unha (1) ocupada interinamente desde fai máis de 10 anos. Dita praza está incluída na OEP de 2018, como consolidación de emprego.

* Dúas (2) ocupadas interinamente desde máis de catro anos. Son as que se incluírían como estabilización de emprego.

* Dúas (2) vacantes que non poden ser ofertadas por pertencer a persoal que presta servizo fora da Xerencia en comisión de servizos (no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia) e teñen dereito a reincorporarse en canto finalicen ditas comisións.

En consecuencia proponse que a Oferta de emprego público deste ano 2021 quede da seguinte forma (integrada á aprobada pola XGL de 27.05.2021):

ACORDO DA XGL DE 27.05.2021						PROPOSTA		
ACCESO LIBRE			PROMOCIÓN INTERNA			ACCESO LIBRE_ESTABILIZACIÓN		
DENOMINACION DA PRAZA	G	Nº	DENOMINACION DA PRAZA	G	Nº	DENOMINACION DA PRAZA	G	Nº
TÉCNICO ADMON. XERAL	A1	1	ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	A1	1	TÉCNICO ADMON. XERAL	A1	3
ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS	A1	1	ARQUITECTO TÉC. GRADO	A1	1	ARQUITECTO	A1	2
ARQUITECTO TÉCNICO	A1	1	TÉCNICO MEDIO XESTIÓN	A2	1	Subtotal = 5		
DELINEANTE	A1	1	INSPECTOR URBANISMO	C1	1			
ADMINISTRATIVO	A1	1	ADMINISTRATIVO	C1	1			
AUXILIAR ADMIVO.	A1	1	Subtotal = 5					
Subtotal = 6								

PROPOSTA:

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Ampliar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2021 (aprobada en sesión do 27.05.2021, exp.13468/407), coas seguintes prazas de estabilización de emprego:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
3	Técnico/a Admon.Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
2	Arquitecto/a	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Diario Oficial de Galicia e na web deste Concello de Vigo a citada Oferta de Emprego Público 2021 deste Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”.



Concello de Vigo

Con data 30/11/2021 o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Prórroga do contrato do servizo de vixilancia mediante sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos Centros de Emprego. Expte. 18788/77.
- .- Solicitud de participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ao ano 2021 de subvención destinadas a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do PRTR, e de acordo coa Orden TER/1024/2021 do 6 de novembro, publicada polo Ministerio de Política Territorial. Expte. 9764/113.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(1092).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO. EXPTE. 18788/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente..

Visto o informe xurídico do 7/12/2021 e informe de fiscalización do 9/12/2021, dáse conta do informe-proposta de data 7/12/2021, asinado pola técnica de Xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 29 de novembro de 2019 adoptou o seguinte acordo (expte. 16564-77) adxudicar a ALCOR SEGURIDAD, S.L. con CIF B-27.382.175 o procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77) por un prezo total de 3.872,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 672,00 euros:

II. Segundo o disposto no apartado 4 das FEC (Folla de Características do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAC), o prazo de duración do contrato é de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada una delas.

III. O contrato foi formalizado con data 11/12/2019, iniciándose a súa execución o 15/12/2019, polo que, o seu prazo finalizará o vindeiro 14/12/2021.

IV. Con data 12/11/2021, o concelleiro de Cultura e Emprego autorizou o inicio da tramitación do expediente da prórroga do contrato maior de servizos para o sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego

V. A través da notificación co número de saída 84713 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

VI. A través do documento núm. 210231476 de data 16/11/2021, a empresa Alcor Seguridad SL, comunicou a conformidade coa prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 15/11/2021 e nº de saída 84713, recibida o mesmo día, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.



Concello de Vigo

Por outra banda, en resposta á dita notificación, a empresa Alcor Seguridad SL, a través do documento núm. 210231476, presentado con data de entrada no rexistro xeral de 16/11/2021, manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución con data 15/12/2021, o prazo rematará o 14/12/2021.

Así mesmo, o apartado 7.2 do PAC establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C FEC, no que se establecen dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Asemade, no apartado 7.3 do PAC dispón que a prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato mesmo apartado.

II. Na actualidade os servizos de sistema de alarma antirroubo con videovixilancia nos Centros de emprego (expte. 16564-77) se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas .

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables manténdose as condicións ofertadas no contrato, isto é:

“1.- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- *6 módulos antisabotaxe*
- *8 detectores volumétricos*
- *Incrementa o número de cámaras de videovixilancia sobre o mínimo esixido no PPT (5 cámaras) en 7 cámaras*
- *Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota:*
 - *Con acceso desde móbil á plataforma*
 - *Con xestión de cámaras remota*

2.- Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 59 minutos.

3.- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.”

IV. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de sistema de alarma antirroubo con videovixilancia dos Centros de emprego (expte. 16564-77)

VI. A execución do contrato se ten iniciado 15/12/2019, polo que, o prezo total da anualidade (1.963,00 €) para o período 15/12/2021 a 14/12/2022, queda distribuído nas anualidades que se indican de seguido:

- 2021 88,47 € (17 días dende o 15/12/2021)

- 2022 1.847,53 € (01/01/2022 ata 14/12/2022)

V. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, solicítase ao servizo de Contratación, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte PROPOSTA de

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la 1ª prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 15/12/2021 ó 14/12/2022, do contrato para a prestación dos servizos de sistema de alarma antirrobo con videovixilancia dos Centros de emprego (expte. 16564-77) do que é actual adxudicataria, Alcor Seguridad SL (CIF B27382175) por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/11/2019, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertada no contrato consistentes en:

1.- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- *6 módulos antisabotaxe*
- *8 detectores volumétricos*
- *Incrementa o número de cámaras de videovixilancia sobre o mínimo esixido no PPT (5 cámaras) en 7 cámaras*
- *Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota:*
 - *Con acceso desde móbil á plataforma*
 - *Con xestión de cámaras remota*

2.- Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 59 minutos.

3.- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.



Concello de Vigo

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por un importe total de 1.936,00 €, dos que 88,47 € corresponden ao orzamento do ano 2021 e 1.847,53 € ao orzamento do ano 2022, que se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279900 PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS (P. EMPREGO)

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1093).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE AO ANO 2021 DE SUBVENCIÓN DESTINADAS A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS NO MARCO DO PRTR, E DE ACORDO COA ORDEN TER/1024/2021 DO 6 DE NOVEMBRO, PUBLICADA POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL. EXPTE. 9764/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 9/12/2021, dáse conta do informe-proposta de data 09/12/2021, asinado polo técnico de seguridade informática, o xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o xefe da Área de Investimentos e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Con data 2 de decembro de 2021 a Concelleira-delegada de Xestión Municipal, resolve "Iniciar o expediente para a aprobación da participación do Concello de Vigo na convocatoria

correspondente ao ano 2021, de subvencións destinadas á transformación dixital e á modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco da Recuperación, Plan de Transformación e Resiliencia, e regulada pola Orde TER/1204/2021, do 3 de novembro.

A citada convocatoria correspóndese coa Orde TER/1204/2021, do 3 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se realiza a convocatoria correspondente ao ano 2021, de subvencións destinadas á transformación dixital e á modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco da Recuperación, Plan de Transformación e Resiliencia

Estas axudas teñen como finalidade que as entidades locais realicen gastos que melloren e modernicen a súa propia organización mediante a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación, a dixitalización dos procedementos administrativos e a adaptación da súa xestión ao uso dos medios dixitais. As actividades que se financiarán con esta orde están dirixidas á transformación dixital das administracións locais co fin de mellorar o seu funcionamento. Dirixidas aos concellos de máis de 50.000 habitantes, así como aos de menor poboación que teñan a consideración de capital de provincia. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde enmárcanse no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), un instrumento de financiamento orientado aos resultados, fitos e obxectivos indicados nel, que son vinculantes para todas as administracións públicas participantes. En concreto, estas bases reguladoras dítanse no desenvolvemento do Compoñente 11, Investimento 3, do citado PRTR.

1.- As liñas estratéxicas son as seguintes:

a) Liña estratéxica 1. Administración orientada á cidadanía.

Obxectivo: mellorar os servizos públicos prestados á cidadanía e ás empresas, favorecendo a usabilidade, a utilidade, a calidade, a accesibilidade, a mobilidade dos servizos públicos dixitais e a modernización dos procesos.

Accións subvencionables:

- Desenvolvemento de aplicacións para os servizos máis utilizados. Desenvolvemento ou adopción dos servizos públicos dixitais máis demandados por cidadáns e empresas, a través do teléfono móbil, con especial fincapé na usabilidade, accesibilidade e personalización dos contidos.
- Desenvolvemento ou adopción de asistentes virtuais para a atención á cidadanía e empresas. Desenvolvemento ou adopción de asistentes virtuais para mellorar a atención ao cidadán, dirixidos en particular á orientación e vixilancia dos cidadáns e empresas nos casos de uso de maior impacto.

b) Liña estratéxica 2. Operacións intelixentes.

Obxectivo: mellorar a calidade, cantidade e eficiencia dos servizos e dos procesos de xestión e tramitación das administracións públicas, mediante o uso de tecnoloxías de automatización intelixente (Robotización de procesos, Intelixencia artificial, etc.).



Concello de Vigo

Accións subvencionables:

- Automatización de servizos. Automatización intelixente dos procesos de prestación dos servizos máis utilizados por cidadáns e empresas, utilizando tecnoloxías baseadas na intelixencia artificial, xestión intelixente de procesos, robotización de procesos ou similares, para conseguir unha redución dos tempos de tramitación e unha mellora do servizo.

c) Liña estratéxica 3. Goberno de datos.

Obxectivo: democratizar o acceso aos datos por parte dos cidadáns, empresas e empregados públicos, permitindo o libre acceso á información e a súa replicabilidade, así como o uso dos datos para o desenvolvemento de servizos dixitais de alto valor engadido orientados á cidadanía.

Accións subvencionables:

- Plataforma de datos integrada. Desenvolvemento dunha plataforma de datos integrada co data lake da Administración Xeral do Estado, que posibilite proxectos interoperables entre a Administración Xeral do Estado e outras administracións públicas.

d) Liña estratéxica 4. Infraestruturas dixitais.

Obxectivo: dotar ás administracións locais das infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a súa modernización, co fin de garantir a súa dispoñibilidade en calquera circunstancia e adaptar en cada momento a capacidade dispoñible ás necesidades existentes, contribuíndo a desenvolver a conectividade dixital, a economía do dato e a intelixencia artificial nas administracións.

Accións subvencionables:

- Nube sostible e centros de procesamento de datos (CPD). Adopción de solucións na nube e infraestruturas sostibles, contemplando a migración de infraestruturas legadas a novas solucións que aporten maior eficacia e eficiencia mediante a automatización dos procesos de xestión e provisión.
- Implantación de traballos intelixentes. Dotación de postos de traballo de nova xeración con mobilidade e ferramentas colaborativas que maximicen a produtividade dos empregados públicos e posibiliten o seu traballo a distancia.

e) Liña estratéxica 5. Ciberseguridade.

Obxectivo: garantir a seguridade das infraestruturas, comunicacións e servizos dixitais que prestan as administracións públicas e mellorar as súas capacidades de prevención, detección e resposta ante incidentes de ciberseguridade.

Accións subvencionables:

- Reforzo da ciberseguridade. Desenvolvemento dun proxecto que reforce a ciberseguridade das distintas administracións e dos servizos prestados a cidadáns e empresas, buscando reforzar o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade.

2.- Orzamento, financiamento e criterios de distribución.

O anexo V recolle a contía máxima das axudas que corresponde a cada un destes concellos. Esta cantidade determinouse en función do seu número de habitantes, tendo en conta as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón Municipal, referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

O importe máximo total das subvencións a que se refire esta convocatoria é de 92,77 millóns de euros. A distribución entre as distintas entidades beneficiarias farase da seguinte forma no que se refire ao Concello de Vigo:

- a) O 45 % do total convocado, 41.746.500 euros, repartirase entre concellos de máis de 250.000 habitantes.

O anexo V recolle a contía máxima das axudas que corresponde a cada un destes concellos. **No que respecta ao Concello de Vigo, a convocatoria ten asignado un importe de 1.084.686,76 euros.**

As subvencións destinaranse a financiar os proxectos presentados polas entidades locais beneficiarias, ata a contía máxima que corresponda a cada entidade. Unha vez esgotada esa cantidade, desestimaranse as restantes solicitudes que puidese presentar a entidade. O financiamento dos proxectos obxecto desta convocatoria poderá complementarse coas achegas realizadas polas entidades beneficiarias con cargo aos seus orzamentos.

3.-Execución da actividade.

O prazo de execución do proxecto determinarase na resolución de concesión e, en todo caso, estará comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 31 de decembro de 2022.

Cando concorran causas excepcionais que impidan a finalización do proxecto no prazo de execución sinalado, a entidade beneficiaria poderá solicitar a súa prórroga debidamente xustificada. A dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do prazo de execución. A Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, observando o disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, terá a facultade de prorrogar o prazo de execución, como máximo, ata o 31 de decembro, 2023, ou denegar as solicitudes que se puidesen realizar. A resolución adoptada non será susceptible de recurso.

4.- Prazo e forma de presentación das solicitudes.



Concello de Vigo

As solicitudes poderán presentarse desde as 9.00 horas do día seguinte ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado», ata as 15.00 horas do día 15 de decembro de 2021.

II.- PROPOSTA DAS ACTUACIÓN A INCLUIR NA CONVOCATORIA:

Á vista do exposto, e tendo en conta que desde o Servizo de Administración electrónica do Concello de Vigo nos atopamos no desenvolvemento de proxectos identificados directamente coas liñas estratéxicas que define a convocatoria, propónse desenvolver unha proposta de acordo as seguintes consideracións:

A convocatoria indica que co fin de garantir a máxima eficacia na aplicación dos fondos e conseguir o maior impacto no conxunto da cidadanía coas actuacións, as entidades beneficiarias priorizarán os proxectos que a continuación se indican:

- Prioridade 1. Proxecto da Liña 5. Posta en marcha dun Centro de Operacións de Ciberseguridade, nos termos previstos na guía técnica desta convocatoria
- Prioridade 2. Proxecto na Liña 1. Administración orientada ao cidadán. Desenvolvemento dos tres servizos máis utilizados polos cidadáns en modo App móbil ou mediante unha interface adaptativa ("responsive") integrada en "Mi Carpeta Ciudadana de la AGE", nos termos que se recollen na guía técnica desta convocatoria.
- Prioridade 3. Proxecto na Liña 2. Operacións intelixentes. Posta en marcha dun proxecto de automatización dos procesos de prestación de servizos aos cidadáns nos termos previstos na guía técnica desta convocatoria.
- Prioridade 4. Proxecto na Liña 1. Administración orientada ao cidadán. Desenvolvemento ou adaptación de servizos exentos de barreiras transfronteirizas para os cidadáns e empresas europeas, nos termos previstos na guía técnica desta convocatoria

As entidades beneficiarias deberán incluír necesariamente na súa proposta o proxecto sinalado como prioritario 1. Proxecto da Liña 5. Posta en marcha dun Centro de Operacións de Ciberseguridade.

En base a estas prioridades identifícase as seguintes actuacións:

ACTUACIÓN_01_LIÑA-5: **POSTA EN MARCHA DUN CENTRO DE OPERACIÓNS DE CIBERSEGURIDADE NO CONCELLO DE VIGO E CERTIFICACIÓN ENS.**

OBXECTIVOS: Implantación e funcionamento dun Centro de Operacións de Ciberseguridade (SOC) que preste servizo ao Concello, mediante un modelo de servizo de seguridade xestionado e integración na rede nacional de centros de operacións de seguridade e certificación ENS categoría media.

ALCANCE ECONÓMICO: 266.200,00 €

ACTUACIÓN_02_LIÑA-1: **AMPLIACIÓN DE FUNCIONALIDADES E SERVIZOS DA TARXETA CIUDADANA PASSVIGO.**

OBXECTIVOS:

Esta liña de actuación pretende mellorar a calidade do servizo que o concello presta aos/as cidadáns/as simplificando os trámites e xestións para o uso dos servizos municipais a través dunha "Identidade dixital", multidispositivo, PassVigo que poderá utilizarse non só de forma física senón en aplicacións móbiles e outros dispositivos compatibles. Os servizos susceptibles de ser usados son: os servizos en transporte público, deportes (centros deportivos, ximnasios, piscinas, etc.), bibliotecas (registro de uso, préstamo libros, etc.), comedores sociais, aluguer de bicicleta (uso), pago de impostos e taxas, autenticación na administración electrónica, parquímetros ou estacionamento regulado, parkings municipais, acceso a zonas restrinxidas, museos e centros culturais, etc. En todos eles a PassVigo servirá como mecanismo de registro de uso, control de acceso, pagos, etc. A cantidade de servizos que se prestan desde a administración local é moi elevado, e lonxe de minguar o/o cidadán/a demanda un número maior por ser esta a administración máis próxima, eficiente, e cun nivel de accesibilidade maior.

Para lograr estes obxectivos establecéronse dúas FASES.

Na FASE I, adxudicado no Expediente 9489-113 por valor de 192.450,00 € dos cales son susceptibles de ser subvencionados o 20% (38.490,00 €) no marco da Orde TER/1204/2021 financiada co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de acordo as seguintes actuacións:

- Implementación da plataforma centralizada de xestión.
- Verificación de identidade en acceso, e pago a instalacións deportivas municipais.
- Integración dos servizos de Transporte Urbano, Deportes, XER, Cartafol cidadán
- Desenvolvemento de sistemas de acceso aptos para dispositivos móbiles (Smartphones, tabletas, etc.)
- Implantación da PassVigo nos sistemas de acceso e abono no servizo VigoZoo.
- Implantación da PassVigo en sistemas de abono do transporte público (taxis)

Na FASE II propónse:

- A extensión do sistema de pago e acceso a terceiros e de forma directa co pago os aparcamentos públicos.
- Facilitar o acceso á plataforma de xestión da tarxeta PassVigo integrándoa na carpeta do cidadán.
- Integración, da PassVigo cos servizos de préstamos das bibliotecas municipais.



Concello de Vigo

- Integración das PassVigo con servizos prestados por sistemas de tiqueting de terceiros

Para esta segunda Fase se calcula que o importe 65.000,00 €

ALCANCE ECONÓMICO: 103.490,00 €

ACTUACIÓN_03_LIÑA-2: **INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA A AUTOMATIZACIÓN, A CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, A CUSTODIA DE CERTIFICADOS O SELO DE TEMPO E A VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS.**

OBXECTIVOS:

Dotación dunha infraestrutura unificada de Hardware e Software (HSM de alta dispoñibilidade) que permita a centralización de claves e a custodia de certificados (CKC), o selo de tempo (TSU) e a validación de sinaturas, aumentando a capacidade e dispoñibilidade dos servizos dixitais do Concello, incluso en situacións de fallo ou deficiencia confiando en esquemas de redundancia e backup (HSM de alta dispoñibilidade)

ALCANCE ECONÓMICO: 250.000,00 €

ACTUACIÓN_04_LIÑA-4: **ACTUACIÓNS DE MODERNIZACIÓN, MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO: CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS CPD, FASE I E FASE II.**

OBXECTIVOS:

FASE I: O Concello de Vigo dispón na actualidade dun Centro de Proceso de Datos (CPD) no edificio do Concello no que residen os sistemas informáticos municipais que levava en uso dende os anos 80 e, a pesares das sucesivas reformas parciais realizadas, xa non é técnicaamente posible adaptalo as condicións de seguridade marcadas polas normas do Esquema Nacional de Seguridade (ENS, Real Decreto 3/2010 do 8 de Xaneiro), de obrigado cumprimento para as administracións públicas. Do mesmo xeito este CPD, polas características construtivas, estaba lonxe de poderse adaptar os novos sistemas de aforro enerxético e baixas emisións necesarios para unha xestión eficiente dos recursos. A FASE I consistiu na adquisición e instalación e a posta en marcha do novo CPD, moderno eficiente dende o punto de vista enerxético e funcional, en paralelo ó existente para permitir un traslado en fases dos diferentes servizos de xeito que a indispoñibilidade dos servizos prestados 24x7, os 365 días do ano, sexa mínimo ou inexistente. Esta FASE I executouse mediante o expediente de contratación 8921-113 e adjudicouse e executouse por un valor de 240.172,90 €.

A FASE II de esta liña de actuación pretende completar os elementos necesarios para completar a infraestrutura de climatización, os Racks necesarios para acometer unha ampliación do número de servidores actualmente instalados así como dotar ó CPD das ferramentas de xestión e monitorización necesarios para unha supervisión e control. O presuposto estimado para a realización de esta segunda fase estimase en 125.000,00 €

ALCANCE ECONÓMICO (incluíndo as dúas Fases de esta actuación): 365.172,90 €

ACTUACIÓN_05_LIÑA-4: ACTUACIÓN DE MODERNIZACIÓN, MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO: **EQUIPAMENTO DE SERVIDORES PARA O CPD MUNICIPAL**

OBXECTIVOS: O actual parque de servidores do CPD municipal é obsoleto con unha vida media de 10 anos, tendo os máis novos alo menos 7 anos. Todos os servidores están amortizados e moi preto do fin da súa vida útil. Compre polo tanto establecer unha actuación que facilite a renovación do parque de servidores, elemento esencial de unha organización, conformando unha arquitectura de referencia na evolución dos actuais DataCenters (CPD's). Esta renovación apostará por unha infraestrutura de equipamento enfocada nos servizos virtualizados incluíndo un modelo de servizos que abarque as tecnoloxías baseadas en Kubernetes

ALCANCE ECONÓMICO: 378.400,00 €

III.- REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO:

As axudas concederanse mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, nos termos do artigo 62 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponderalle á Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local.

En aplicación do artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as solicitudes e demais documentos que se acheguen ao procedemento deberán estar redactados en castelán.

As solicitudes só poden presentarse por vía electrónica

O formulario electrónico de solicitude incluírá, polo menos, o seguinte contido:



Concello de Vigo

- a) Datos identificativos da entidade local solicitante e do seu representante legal no procedemento.
- b) Datos identificativos da persoa que presenta a solicitude e a súa sinatura.
- c) Datos descritivos do proxecto e da súa execución.
- d) Contía da subvención solicitada.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Proxecto que se vai executar, que deberá axustarse ao disposto no artigo 16.
- b) Resumo executivo do proxecto, de non máis de quince folios, que deberá conter a totalidade dos información relevante do proxecto, así como os fitos e obxectivos necesarios para realizar o seguimento.
- c) Certificación da entidade local solicitante, do acordo ou resolución adoptada polo órgano competente, na que se fará constar expresamente os seguintes puntos:
 - 1. A aprobación do proxecto para o que se solicita a subvención.
 - 2. Participación e aceptación do procedemento regulado nesta orde e da solicitude de subvención.
 - 3. O compromiso de que a entidade local disporá de todos os medios humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa operatividade durante o período de vixencia.
 - 4. O compromiso de que a entidade local, ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraudes, corrupcións, conflitos de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan necesarias para o cumprimento e satisfacción íntegro do obrigas que lle correspondan á entidade beneficiaria, e en particular, as previstas no artigo 4.
- d) Certificación da entidade local solicitante, na que se indicará que o proxecto se enmarca nalguna das actuacións subvencionables previstas no artigo 5, reúne os requisitos establecidos no artigo 6 e que está aliñado cos obxectivos do Plan. de Dixitalización das Administracións Públicas 2021-2025 e Compoñente 11 do PRTR, así como fitos e obxectivos, de acordo cos requisitos establecidos na convocatoria e coa normativa europea e nacional aplicable.
- e) Declaración responsable, seguindo o modelo do anexo I, por parte da entidade local solicitante, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de estar ao corrente no pagamento das obrigas. para o reintegro de subvencións e se non estivese incurso en calquera outra das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario. Así mesmo, dito comunicado farase constar que a entidade local solicitante reúne todos os requisitos establecidos nesta orde e que os documentos presentados avalan tal circunstancia, sen que consten ningunha limitación ou reserva, así como o compromiso

da entidade local en relación co cumprimento do disposto na presente orde. principios transversais establecidos no RETC e que poderían afectar á zona obxecto de xestión.

f) Declaración responsable, seguindo o modelo do anexo II, por parte da entidade local solicitante, do cumprimento do principio de "non causar danos significativos ao medio ambiente" no sentido establecido no artigo 2.6 do Regulamento (UE) 2021/241. do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

g) Declaración responsable, seguindo o modelo do anexo III, por conta da entidade local solicitante, sobre outras fontes de financiamento.

h) Autorización expresa, seguindo o modelo do anexo IV, mediante a cal a entidade local outorga dereitos e acceso para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo, o Ministerio Fiscal Europeo e as autoridades nacionais competentes exercen as súas competencias.

i) Certificación bancaria da conta titularidade da entidade local que se designe para percibir o pagamento da subvención. Para percibir o pagamento será necesario que a entidade local o teña inscrito previamente no Ficheiro Central de Terceiros da Facenda Pública.

Coa presentación, a entidade local asume o compromiso de comunicar inmediatamente ao órgano instrutor calquera modificación ou variación das circunstancias que consten na solicitude.

IV.- CONTIDO DO PROXECTO:

Cada proxecto poderá desenvolver unha das liñas estratéxicas sinaladas obxecto da convocatoria. Para acadar o resultado previsto, poderá incluír a execución dunha ou varias actuacións, pero todas elas deberán responder á mesma liña estratéxica.

O proxecto integrarase, de xeito que agrupará todas as actuacións subvencionables que a entidade local pretenda desenvolver na liña estratéxica á que estea vinculada. O proxecto terá uns gastos subvencionables de polo menos 40.000 euros.

Terá unha extensión máxima de corenta páxinas e especificará, polo menos, a seguinte información, por esta orde:

a) Denominación, liña estratéxica á que se vincula, identificación inicial dos problemas ou retos detectados e obxectivos principais deben estar aliñados cos obxectivos marcados na respectiva liña estratéxica.

b) Fitos e obxectivos: resultados esperados e a súa cuantificación, aliñados co compoñente 11.I3 do RETC.

c) Plan de implantación, no que se detallarán os elementos que a continuación se indican:

1. Descrición de cada unha das actuacións a realizar, sustentabilidade e aspectos innovadores.
2. Cronograma, desagregado por actuación.



Concello de Vigo

3. Orzamento, desagregado por actuacións.
4. Importe total do proxecto e custo subvencionable para o que se solicita financiamento. Método de xestión e descrición do equipo técnico.

d) Método de xestión e descrición do equipo técnico.

e) Sistema de vixilancia e control.

f) Medidas de información e publicidade.

Así mesmo se deberá desenvolver de acordo co modelo aportado pola Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (SGAD) un resumo executivo de non máis de 15 páxinas.

V.- PROPOSTA:

O proxecto que se propón para a participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ao ano 2021, de subvencións destinadas á transformación dixital e á modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco da Recuperación, Plan de Transformación e Resiliencia, e regulada pola Orde TER/1204/2021, do 3 de novembro, cumpre cos requisitos establecidos na mesma.

As actuacións a presentar correspóndese cos seguintes proxectos:

ACTUACIÓN_01_LIÑA-5:	POSTA EN MARCHA DUN CENTRO DE OPERACIÓNS DE CIBERSEGURIDADE NO CONCELLO DE VIGO E CERTIFICACIÓN ENS.
ALCANCE ECONÓMICO:	266.200,00 €

ACTUACIÓN_02_LIÑA-1:	AMPLIACIÓN DE FUNCIONALIDADES E SERVIZOS DA TARXETA CIUDADANA PASSVIGO.
ALCANCE ECONÓMICO:	103.490,00 €

ACTUACIÓN_03_LIÑA-2:	INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA A AUTOMATIZACIÓN, A CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, A CUSTODIA DE CERTIFICADOS O SELO DE TEMPO E A VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS.
ALCANCE ECONÓMICO:	250.000,00 €

ACTUACIÓN_04_LIÑA-4:	ACTUACIÓNS DE MODERNIZACIÓN, MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO: CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS CPD, FASE I E FASE II.
ALCANCE ECONÓMICO:	365.172,90 €

ACTUACIÓN_05_LIÑA-4:	ACTUACIÓNS DE MODERNIZACIÓN, MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO: EQUIPAMENTO DE SERVIDORES PARA o CPD MUNICIPAL
ALCANCE ECONÓMICO:	378.400,00 €

En relación as mesas estase a desenvolver por parte do Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo, a correspondente memoria de acordo co contido indicado no artigo 16 da convocatoria e o correspondente resumen executivo

O alcance económico das actuación a presentar e a solicitude de subvención corresponden cos seguintes datos:

Línea estratéxica 5. Ciberseguridade			Solicitude de subvención
P_01	POSTA EN MARCHA DUN CENTRO DE OPERACIÓNS DE CIBERSEGURIDADE NO CONCELLO DE VIGO E CERTIFICACIÓN ENS.	266.200,00 €	225.000,00 €

Línea estratéxica 1. Administración orientada a cidadanía.			Solicitude de subvención
P_02	AMPLIACIÓN DE FUNCIONALIDADES E SERVIZOS DA TARXETA CIUDADANA PASSVIGO.	103.490,00 €	70.000,00 €

Línea estratéxica 4. Infraestruturas dixitais.			Solicitude de subvención
ACTUACIÓNS DE MODERNIZACIÓN, MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO			
P_03	CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS	240.172,90 €	240.000,00 €
P_04	CPD, FASE I E FASE II.	125.000,00 €	69.686,76 €
P_05	EQUIPAMENTO DE SERVIDORES PARA o CPD MUNICIPAL -	378.400,00 €	295.000,00 €



Concello de Vigo

Línea estratéxica 2. Operacións intelixentes.			Solicitud de subvención
P_06	INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA A AUTOMATIZACIÓN, A CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, A CUSTODIA DE CERTIFICADOS O SELO DE TEMPO E A VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS.	250.000,00 €	185.000,00 €

Importe total das actuacións	1.363.262,90 €	
Importe total solicitude de subvención		1.084.686,76 €

As cifras expresadas nos cadros anteriores incorporan o IVE correspondente, dado que o mesmo non é recuperable para o Concello de Vigo.

Por todo o exposto e unha vez incorpórense ao expediente o correspondente informe xurídico e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención. O proxecto desenvolverase de acordo co seguinte programa de actuación e alcance económico:

Línea estratéxica 5. Ciberseguridade			Solicitud de subvención
P_01	POSTA EN MARCHA DUN CENTRO DE OPERACIÓNS DE CIBERSEGURIDADE NO CONCELLO DE VIGO E CERTIFICACIÓN ENS.	266.200,00 €	225.000,00 €

Línea estratéxica 1. Administración orientada a cidadanía.			Solicitud de subvención
P_02	AMPLIACIÓN DE FUNCIONALIDADES E SERVIZOS DA TARXETA CIUDADANA PASSVIGO.	103.490,00 €	70.000,00 €

Línea estratéxica 4. Infraestruturas dixitais.			Solicitud de subvención
P_03	CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS CPD, FASE I E FASE II.	240.172,90 €	240.000,00 €
P_04		125.000,00 €	69.686,76 €
P_05	EQUIPAMENTO DE SERVIDORES PARA	378.400,00 €	295.000,00 €

	o CPD MUNICIPAL -		
--	-------------------	--	--

Línea estratéxica 2. Operacións intelixentes.			Solicitud de subvención
P_06	INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA A AUTOMATIZACIÓN, A CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, A CUSTODIA DE CERTIFICADOS O SELO DE TEMPO E A VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS.	250.000,00 €	185.000,00 €

Importe total das actuacións	1.363.262,90 €	
Importe total solicitude de subvención		1.084.686,76 €

As cifras expresadas nos cadros anteriores incorporan o IVE correspondente, dado que o mesmo non é recuperable para o Concello de Vigo.

Segundo: Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola “Orde TER/1204/2021, do 3 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se realiza a convocatoria correspondente ao ano 2021, de subvencións destinadas á transformación dixital e á modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco da Recuperación, Plan de Transformación e Resiliencia”, aceptando de forma expresa o procedemento regulado nesta orde.

Terceiro: Aprobar o compromiso de que o Concello de Vigo a través do “Servizo de Administración Electrónica disporá de todos os medios humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa operatividade durante o período de vixencia.

Cuarto: Aprobar o compromiso de que a entidade local, ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraudes, corrupcións, conflitos de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan necesarias para o cumprimento e satisfacción íntegro das obrigas que lle correspondan á entidade beneficiaria, e en particular, as previstas no artigo 4 da Orde TER/1204/2021.

Quinto: Delegar na concelleira delegada da Área Municipal de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dna. Patricia Rodríguez Calviño a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola “Orde TER/1204/2021, do 3 de novembro” de acordo ao proxecto indicado no punto primeiro deste acordo.

Dita delegación alcanza a todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria en relación a memoria técnica e resúmen executivo



Concello de Vigo

sobre as actuacións incluídas no proxecto aprobado no apartado primeiro, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma na sede electrónica do Ministerio de Política Territorial.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1094).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretario dou fe.

MEF.

O CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez